



FACULTADE DE FILOLOXÍA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Curso académico 2024/2025

Variación na expresión do futuro en galego a través de textos narrativos modernos

Autora: Ana Rodríguez Domínguez

Titor: Xulio César Sousa Fernández



FACULTADE DE FILOLOXÍA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Curso académico 2024/2025

Variación na expresión do futuro en galego a través de textos narrativos modernos

Autora: Ana Rodríguez Domínguez

Titor: Xulio César Sousa Fernández

Formulario de delimitación do título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2023/2024

APELIDOS E NOME:	Rodríguez Domínguez, Ana
GRADO EN:	Lingua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Xulio Sousa Fernández
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Variación e cambio lingüístico

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

<p>Título: Variación na expresión do futuro en galego a través de textos narrativos modernos</p>
<p>Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:</p> <p>Nalgunhas variedades romances, como o español de América, estase a producir un notable avance no proceso de substitución do futuro morfolóxico (-rei) pola forma perifrástica <i>ir (a) + infinitivo</i> para a expresión dos valores temporais de futuridade (Bermúdez, 2016). En galego, os estudos existentes (Meier, 1974; Rojo, 1974; López Martínez, 2012), aínda que apuntan cara ao mantemento do valor de prospección en ámbalas formas, tamén amosan, con certas diferenzas, un aumento na frecuencia de uso do futuro analítico en detrimento do sintético.</p> <p>O traballo ten como obxectivo analizar os valores e a distribución do futuro morfolóxico e da construción <i>ir + infinitivo</i> nunha selección de textos narrativos escritos do século XXI. Á fin de dar conta dos factores que poden determinar a escolla dunha ou doutra forma cando estas se atopan en situación de alternancia, examínanse os seus usos atendendo a unha selección de variables que resultaron relevantes en estudos previos (Bauhr, 1989; Sedano 1994, 2006; López Martínez, 2012): a distancia temporal, a persoa gramatical do verbo, o tipo de oración e a modalidade. Para a obtención de datos, empregárase o <i>Corpus de Referencia do Galego Actual</i> (CORGA), que permite a recuperación automática das formas propostas para o estudo, de acordo coa tipoloxía textual e o período cronolóxico establecidos. Preténdese, deste xeito, comprobar se a expresión de futuridade no galego segue ou non as tendencias de cambio lingüístico iniciadas noutras variedades, así como examinar a incidencia das variables na escolla de cada unha das formas.</p>

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024.

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> <p>Firmado por RODRIGUEZ DOMINGUEZ ANA - ***4991** el día 15/04/2024 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios</p>	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>SOUSA FERNANDEZ XULIO CESAR - 34951673E</p> <p>Firmado digitalmente por SOUSA FERNANDEZ XULIO CESAR - 34951673E Fecha: 2024.04.15 12:53:36 +02'00'</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>- 6 MAI, 2024</p> <p>Selo da Facultade de Filoxía</p>
--	--	--



Título: Variación na expresión do futuro en galego a través de textos narrativos modernos

Título: Variación en la expresión del futuro en gallego a través de textos narrativos modernos

Title: Variation in the expression of future tense in Galician through modern narrative texts

Resumo: Nalgunhas variedades romances, como o español de América, estase a producir un notable avance no proceso de substitución do futuro morfolóxico (-*rei*) pola forma perifrástica *ir (a) + infinitivo* para a expresión dos valores temporais de futuridade (Bermúdez, 2016). En galego, os estudos existentes (Meier, 1974; Rojo, 1974; López Martínez, 2012), aínda que apuntan cara ao mantemento do valor de prospección en ámbalas dúas formas, tamén amosan, con certas diferenzas, un aumento na frecuencia de uso do futuro analítico en detrimento do sintético.

O traballo ten como obxectivo analizar os valores e a distribución do futuro morfolóxico e da construción *ir + infinitivo* nunha selección de textos narrativos escritos do século XXI. Á fin de dar conta dos factores que poden determinar a escolla dunha ou doutra forma cando estas se atopan en situación de alternancia, examínanse os seus usos atendendo a unha selección de variables que resultaron relevantes en estudos previos (Bauhr, 1989; Sedano 1994, 2006; López Martínez, 2012): a distancia temporal, a persoa gramatical do verbo, o tipo de oración e a modalidade. Para a obtención de datos, empregárase o *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)*, que permite a recuperación automática das formas propostas para o estudo, de acordo coa tipoloxía textual e o período cronolóxico establecidos. Preténdese, deste xeito, comprobar se a expresión de futuridade no galego segue ou non as tendencias de cambio lingüístico iniciadas noutras variedades, así como examinar a incidencia das variables na escolla de cada unha das formas.

Palabras chave: variación lingüística, futuridade, futuro morfolóxico, *ir + infinitivo*, perífrases verbais.

Declaración de orixinalidade

Eu, Ana Rodríguez Domínguez, con DNI 77549918J, declaro que o presente Traballo de Fin de Grao é orixinal e que non se empregaron fontes de información que non figuren citadas debidamente no corpo e na bibliografía do mesmo.

Índice

1. Introducción	1
2. Marco teórico	4
2.1. A expresión da futuridade en galego	4
2.1.1. <i>O Futuro Morfolóxico</i>	7
2.1.2. <i>O Futuro Perifrástico</i>	12
2.1.3. <i>A alternancia entre Futuro Morfolóxico e Futuro Perifrástico</i>	17
3. Datos e metodoloxía.....	21
3.1. Material de análise.....	21
3.2. Método empregado	23
4. Análise dos datos.....	30
4.1. Persoa gramatical.....	34
4.2. Distancia temporal.....	37
4.3. Tipo de oración	40
4.4. Polaridade	41
4.5. Modalidade	42
5. Conclusións	44
6. Referencias	47
Anexos.....	51
Anexo I. Táboa de análise dos casos de Futuro Morfolóxico	51
Anexo II. Táboa de análise dos casos de Futuro Perifrástico	59

1. Introducción

Nas últimas décadas, os estudos sobre as formas para a expresión da futuridade nas distintas variedades romances revelan como a perífrase *ir (a) + infinitivo* co auxiliar en presente lle está a disputar os valores temporais de posterioridade ao futuro sintético (*cantarei*). Isto supón, por unha banda, un avance na gramaticalización da perífrase e, por outra, a repetición do proceso —producido no latín tardío— polo que unha forma sintética existente se desgasta e é substituída por unha nova forma analítica. Esta recorrente variación diacrónica á que parecen estar sometidas as expresións verbais de futuridade fixo medrar en min o interese por afondar no intricado vínculo que manteñen o Futuro de Indicativo e a perífrase *ir (a) + infinitivo* no galego actual.

Os traballos previos sobre estas dúas formas (Meier, 1974; Rojo, 1974; López Martínez, 2012) coinciden en que ambas son intercambiabes en certos contextos e que presentan distinta porcentaxe de uso segundo a modalidade textual. De acordo cos autores, a construción perifrástica emprégase, polo xeral, con maior frecuencia ca o futuro sintético, especialmente na lingua oral. Só nos textos xornalísticos o futuro sintético resulta ser a forma de uso máis frecuente. Atendendo a esta situación, cabe preguntarse se a forma *ir (a) + infinitivo* incrementou o seu emprego en textos narrativos. Asemade, se existen contextos nos que o futuro sintético e a perífrase están en alternancia, que factores internos poden condicionar ou propiciar a escolla de cada variante?

A partir destas preguntas iniciais e dunha revisión bibliográfica sobre a expresión verbal da posterioridade (Bauhr, 1989; Sedano, 1994, 2006; Barbosa, 2007; Oliveira, 2011; Troya Déniz, 2018; entre outros), formuláronse as dúas hipóteses de partida deste traballo: a) posto que *ir (a) + infinitivo*, de acordo cos antecedentes de estudo, conta cun uso maioritario fronte ao futuro sintético excepto na prensa escrita, cabe esperar que en textos narrativos actuais continúe existindo un maior número de formas analíticas ca sintéticas; e b) as variables que definimos como *persoa gramatical*, *distancia temporal*, *tipo de oración*, *polaridade* e *modalidade* poden influír na alternancia entre o Futuro de Indicativo e *ir (a) + infinitivo*, xa que tamén mostraron a súa repercusión no uso destas formas en investigacións sobre outras linguas próximas.

Para a comprobación das hipóteses concretáronse como obxectivos do traballo: i) describir a distribución do futuro sintético e da perífrase *ir (a) + infinitivo* en textos narrativos contemporáneos; ii) analizar os seus usos e valores para identificar aqueles contextos nos que hai posibilidade de alternancia; iii) examinar se as cinco variables

independentes mencionadas condicionan a escolla dunha forma ou outra; e iv) comprobar se a distribución das formas estudadas nesta investigación coincide coa de traballos previos.

Posto que o estudo se realiza sobre o galego dos textos narrativos contemporáneos, emprégase como fonte para a obtención de datos o *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA). O material extraído do corpus analízase seguindo unha metodoloxía mixta, na que os resultados cuantitativos se complementan con explicacións de tipo cualitativo.

O traballo organízase en tres seccións principais. En primeiro lugar, en § 2, fórmulase un marco teórico no que se describen de xeito xeral as expresións verbais de posterioridade no galego para logo afondar nas dúas formas escollidas para a análise. Explícanse os usos e valores do Futuro de Indicativo (§ 2.1.1) e da perífrase *ir (a) + infinitivo* (§ 2.1.2) a partir de estudos precedentes sobre o galego (Meier, 1974; Rojo, 1974; Santamarina, 1974; Álvarez et al. 1986; Álvarez e Xove, 2002; Freixeiro Mato, 2006; López Martínez, 2012), así como sobre o portugués e o español (Bauhr, 1989; Sedano, 1994; Bravo Martín, 2008; Oliveira, 2011; Cunha, 2021; entre outros), co obxectivo de delimitar unha caracterización precisa de cada forma que nos permita executar satisfactoriamente a análise. Posto que o noso interese recae na variación na expresión do futuro a través destas dúas expresións, damos conta no subapartado § 2.1.3 das variables que, tanto no galego, como no portugués e no español, demostraron ter certa incidencia na escolla entre unha variante ou outra.

Na segunda sección (§ 3), descríbese o corpus e o subcorpus de obras narrativas, así como o material e a metodoloxía empregados para a análise. Detállase, asemade, a clasificación dos datos segundo a posibilidade de alternancia determinada polos valores examinados e defínense as cinco variables internas seleccionadas para o estudo.

Na terceira sección (§ 4), expóñense os resultados da análise cuantitativa e cualitativa da distribución do Futuro de Indicativo e da perífrase *ir (a) + infinitivo* nas obras narrativas seleccionadas de acordo ás variables examinadas, que contrastamos cos datos doutras investigacións.

Por último, en anexos, recóllense as táboas de datos extraídos do CORGA, nas que se inclúen as concordancias co contexto á esquerda e á dereita, os identificadores das obras narrativas nas que aparecen e a clasificación e análise por variables das formas de futuridade.

O traballo preséntase, xa que logo, como unha modesta contribución aos estudos de variación e cambio mediante o aproveitamento dun corpus lingüístico. Búscase achegar novos datos sobre os usos destas dúas formas de posterioridade e abrir camiños, non só cara á indagación na variación das expresións de futuridade, senón tamén cara ao enriquecemento dos estudos gramaticais en relación co sistema verbal.

2. Marco teórico

2.1. A expresión da futuridade en galego

As linguas contan con distintos elementos lingüísticos para localizar un evento no tempo (Comrie, 1985, p. 8-9). Estes poden ser unidades léxicas simples (como os adverbios *onte*, *hoxe*, *mañá*) ou complexas (como as frases); mais tamén unidades gramaticais, como os morfemas modotemporais que se engaden ás formas verbais (Rodríguez Rosique, 2019, p. 8). A diferenza fundamental entre estas dúas unidades reside na natureza deíctica do tempo gramatical (Rodríguez Rosique, 2019, p. 19), no que imos focalizar a atención do noso traballo.

Así pois, o tempo gramatical defínese como unha categoría deíctica que permite localizar, directa ou indirectamente, un evento no tempo en relación cun punto central ou orixinario (Rojo e Veiga, 1999, p. 15). O punto central, chamado Orixe (O), coincide a meirande parte das veces coa enunciación¹ e actúa como un eixo en relación co cal os acontecementos poden situarse nun momento anterior, simultáneo ou posterior (Rojo e Veiga, 1999, p. 9).

Rojo e Veiga (1999), seguindo a Bull (1960) e Klum (1961), propoñen para o español un sistema de representación que permite simbolizar estas tres posibilidades básicas de localización temporal respecto ao punto central (anterioridade, simultaneidade e posterioridade) mediante vectores. Deste xeito, O-V representa os acontecementos anteriores á orixe; OoV, os simultáneos á orixe; e O+V, os posteriores á orixe. Con todo, autores como Álvarez e Xove (2002, p. 281) defenden que as relacións temporais poden reducirse a dúas oposicións básicas, a anterioridade e a non-anterioridade, xa que a oposición simultaneidade/posterioridade é máis restrinxida e interna á de non-anterioridade.

Cómpre destacar que as relacións básicas non sempre se establecen directamente coa orixe, senón que tamén poden estar orientadas cara a outro evento que, á súa vez, está orientado cara ao momento da enunciación (Rojo e Veiga, 1999, p. 16). Así, atendendo á relación directa ou indirecta que o evento establece coa orixe e tendo en conta o sistema de oposicións presentado por Álvarez e Xove (2002), podemos clasificar as formas temporais do galego mediante a representación vectorial de Rojo e Veiga (1999) como se mostra na Táboa 1.

¹ O momento da enunciación actúa, frecuentemente, como orixe, mais non sempre, como revelan, por exemplo, os usos do denominado presente histórico (Rojo e Veiga, 1999, pp. 25 e ss.).

Orixe					
Anterioridade			Non-anterioridade		
Indirecta			Directa	Simultaneidade	Posterioridade
Anterioridade	Non-anterioridade		<i>Prétérito</i> (O-V)	<i>Presente</i> (OoV)	<i>Futuro</i> (O+V)
<i>Antepretérito</i> (O-V)-V	Simultaneidade	Posterioridade			
	<i>Copretérito</i> (O-V)oV	<i>Posprésérito</i> (O-V)+V			

Táboa 1. Clasificación das formas verbais do galego segundo a relación temporal expresada. Elaborada a partir de Álvarez e Xove (2002, p. 282).

A nomenclatura proposta por Bello para designar os tempos verbais do español (*Presente*, *Futuro*, *Antepretérito* etc.) coincide co valor temporal básico ou común que posúen. Non obstante, algunhas formas verbais tamén poden realizar outros significados extensivos non coincidentes coa relación temporal que expresa a súa etiqueta (Álvarez e Xove, 2002).

O galego contemporáneo dispón de catro mecanismos gramaticais para expresar posterioridade: o Futuro de Indicativo (*cantarei*); as perífrases *ir (a) + infinitivo (vou [a] cantar)*² e *haber (de) + infinitivo (hei [de] cantar)* cos verbos auxiliares en Presente de Indicativo; e o Presente de Indicativo acompañado dalgunha marca temporal que sitúe o evento nun momento posterior (*canto mañá*), que adoita denominarse *presente de futuridade* ou *pro-futuro* (López Martínez, 2012, p. 487).

O latín, coma o galego, tamén contaba con varias formas para expresar posterioridade. Ademais da forma sintética (AMĀBO) e do presente de futuridade en compañía dun adverbio temporal, empregábanse con valor prospectivo algunhas construcións participiais (LECTURUS SUM), así como certas perífrases verbais (HABĒO AD CANTĀRE, HABĒO CANTĀRE, VOLO CANTĀRE, DEBĒO CANTĀRE etc.) que remitían a matices semánticos (obriga, necesidade, vontade ou intencionalidade) determinados polo verbo auxiliar empregado (Rojo, 1974, p. 75; Freixeiro Mato, 2006, p. 439).

A partir de finais do Imperio, estas perífrases verbais comezaron a desenvolver pleno valor de futuridade e as formas clásicas do Futuro de Indicativo acabaron por desaparecer en todo o espazo romance (Rojo, 1974, p. 76). As razóns que orixinaron este cambio foron diversas. Segundo Lausberg (1973, p. 310), a perda do Futuro latino puido estar motivada, por unha banda, por causas fonético-morfolóxicas derivadas da existencia de diferentes desinencias para a súa formación (-BO e -AM) e da coincidencia formal

² Na zona de Viana do Bolo tamén se rexistra a variante *ir de + infinitivo* (Rojo, 1974, p. 92-93).

dalgunhas expresións do paradigma coas do Presente de Subxuntivo e de Indicativo provocadas, ben pola evolución fonética, ben pola modificación das vogais temáticas. O autor tamén vincula o desgaste do futuro latino ao principio de economía lingüística. A forma sintética era percibida como innecesaria porque os contidos de posterioridade xa quedaban expresados habitualmente polo contexto (a través de adverbios, por exemplo) e porque as construcións perifrásticas permitían transmitir futuridade dun xeito máis claro (Lausberg, 1973, p. 310). Con todo, outros estudosos tamén atribuíron causas de tipo psicolóxico, estilístico e histórico-filosófico a esta substitución (*vid.* Rojo, 1974, pp. 76-78).

No dominio romance, predominou unha destas perífrases con valor volitivo formada a partir da combinación do infinitivo imperfecto coas formas xa reducidas en latín vulgar do Presente de Indicativo do verbo HABĒRE (Ferreiro, 1999, p. 301). O desgaste semántico da perífrase e a gramaticalización do auxiliar motivaron a fusión dos seus elementos que, ademais, presentaban unha orde axeitada para a súa agrupación fonética (CANTAR *AIO > *cantarei*). Fórmase, así, un novo futuro sintético desligado do seu matiz de obriga inicial que rematou desprazando o futuro clásico (Santamarina, 1974, p. 142; Freixeiro Mato, 2006, p. 438).

Fronte a outros romances, o galego conservou a perífrase coa forma HABĒRE anteposta e coa preposición *de* antes do infinitivo (*haber (de) + infinitivo*), cuxo significado primitivo de obriga foi evolucionando para expresar intención, logo predición e, para autores como Rojo (1974, p. 158), tamén futuridade simple desligada de matices modais (Brown e Rivas, 2024, p. 4). O proceso de gramaticalización do verbo *ir* permitiu incorporar, ademais, unha nova perífrase: *ir (a) + infinitivo*. Esta forma, porén, non conseguiu desprazar a *haber (de) + infinitivo*, polo que hoxe o galego conserva as dúas perífrases para a expresión da posterioridade en relación coa orixe (Brown e Rivas, 2024, p. 2).

Na actualidade, os estudos veñen identificando unha tendencia común en certas variedades romances pola que as formas perifrásticas —e máis en concreto, *ir (a) + infinitivo*— están a desprazar o Futuro de Indicativo (Rojo, 1974, p. 83; Lastra e Martín Butragueño, 2010, p. 147). Os escasos estudos existentes sobre a expresión da futuridade no galego moderno tamén parecen apuntar cara a esta tendencia, mais non en todos os contextos. Meier (1974), na análise dos textos que compoñen os *Contos populares da provincia de Lugo*, dá conta da vitalidade da perífrase *haber (de) + infinitivo*, fronte a *ir (a) + infinitivo* e o futuro sintético. Rojo (1974, p. 85), en cambio, advirte en cinco textos

galegos modernos unha maior presenza da perífrase *ir (a) + infinitivo* ca do futuro sintético, e destaca a elevada porcentaxe de uso de *haber (de) + infinitivo*. Conclúe que a diferenza de frecuencia entre as formas perifrásticas e a forma sintética pode deberse á tipoloxía textual, xa que *haber (de) + infinitivo* e *ir (a) + infinitivo* teñen maior porcentaxe de emprego cando a lingua do texto presenta máis trazos de oralidade (Rojo, 1974, p. 91). López Martínez (2012), no estudo da futuridade en textos xornalísticos comprendidos entre 1980 e 2008, observa que *ir (a) + infinitivo* ten unha aparición residual nesta modalidade, mentres que o Futuro de Indicativo é a variante predominante. O desprazamento da forma sintética pola perifrástica prodúcese, xa que logo, na lingua oral e literaria, mais non así na prensa escrita, onde o uso do futuro sintético segue a ser maioritario.

Para non exceder os límites deste traballo, centrámonos unicamente en dúas das formas dispoñibles no galego para expresar a futuridade: a perífrase verbal *vou (a) cantar*, á que me referirei co nome de Futuro Perifrástico (FP); e o Futuro de Indicativo *cantarei*, que chamarei Futuro Morfolóxico (FM). Como se avanzou xa na introdución, a selección destas dúas formas realizouse tendo en conta a situación de variación romance, na que, para a expresión do futuro, adoita ser maioritario o uso da perífrase *ir (a) + infinitivo* no canto do futuro sintético, sobre todo, na lingua oral. En consecuencia, non é obxecto de estudo neste traballo nin a perífrase *haber (de) + infinitivo* nin o presente *pro-futuro*.

Nos seguintes subapartados, afondamos nos usos e valores que os antecedentes de estudo atribúen ao Futuro Morfolóxico e ao Futuro Perifrástico no galego, así como algunhas propostas alternativas que pretenden sortear os problemas de análise xurdidos na descrición de ámbalas dúas expresións.

2.1.1. O Futuro Morfolóxico

Nas gramáticas do galego de Álvarez et al. (1986, p. 371) e Freixeiro Mato (2006, p. 349), así como no traballo sobre o verbo galego de Santamarina (1974, p. 116), o Futuro de Indicativo é descrito como unha forma verbal irreferente —i. e., que non expresa relacións temporais secundarias—, real en canto ao modo e indiferente en canto ao aspecto³, que localiza un evento posterior ao momento da enunciación (1). Polo tanto, esta relación

³ Como explica Rodríguez Rosique (2019, p. 28) para o español, o futuro sintético é unha forma neutra que pode empregarse tanto en contextos perfectivos (*el ministro inaugurará el nuevo tramo del ave la próxima semana*), como en casos imperfectivos (*con la nueva reforma, los niños serán capaces de hablar tres idiomas en los próximos años*).

pode representarse, de acordo coa proposta de Rojo e Veiga (1999), mediante o vector (O+V).

(1) *Enviarémosche* o paquete hoxe a última hora. (Álvarez et al., 1986, p. 372)

Ademais de situar un evento no futuro, o FM pode expresar outros valores. Se ben os autores antes mencionados non coinciden plenamente na descrición das funcións deste tempo verbal, parécenos que as propostas son compatibles e poden unificarse. Deste xeito, o Futuro de Indicativo tamén pode expresar:

- Futuridade e obrigatoriedade (Santamarina, 1974; Álvarez et al., 1986; Freixeiro Mato, 2006). Dita unha orde que debe realizarse nun momento posterior á enunciación.

(2) *Levarás* esta carta pola tarde ao correo. (Álvarez et al., 1986, p. 372)

- Obrigatoriedade ou prescrición (Álvarez et al., 1986). Codifica unha lei ou unha orde xeral.

(3) *Honrarás* a teu pai e a túa nai. (Álvarez et al., 1986, p. 372)

- Probabilidade no presente ou Futuro de incerteza. Para Santamarina (1974) e Álvarez et al. (1986) o futuro perde ou neutraliza co presente a referencia temporal de posterioridade e adquire un valor modal de probabilidade ou aproximación. Freixeiro Mato (2006, p. 350), en cambio, interprétao como un uso metafórico para expresar dedución a partir de información xa coñecida.

(4) Calculo que agora *serán* as catro da tarde. (Álvarez et al., 1986, p. 372)

(5) Da miña leira á túa *habera* uns cen metros. (Álvarez et al., 1986, p. 372)

(6) *Serán* moi listos, pero non o demostran.⁴ (Álvarez et al., 1986, p. 372)

- De resposta irónica (Álvarez et al., 1986; Freixeiro Mato, 2006). Emprégase para presentar dúbidas sobre a veracidade dunha afirmación ou negala, aparentando unha confirmación enfática.

(7) –¿Tes fame? –*Terei*. (Álvarez et al., 1986, p. 372)

- De cortesía (Freixeiro Mato, 2006). Emprégase para atenuar a forza ilocutiva do presente.

(8) Entón, dicíalle Padín ao oculista: *daramo* con rebaixa. (Freixeiro Mato, 2006, p. 351)

⁴ Este uso no que o futuro serve como réplica a unha afirmación do interlocutor tamén recibe o nome de *futuro concesivo* (Escandell Vidal, 2010, p. 23).

- Retrospectivo (Freixeiro Mato, 2006). Tomando como punto de referencia o pasado, serve como estratexia estilística para a narración de feitos xa acontecidos.

(9) Coa chegada dos reis católicos ao trono, a Galiza *será* duramente castigada. (Freixeiro Mato, 2006, p. 351)
- Enfático (Freixeiro Mato, 2006). Con valor de simultaneidade, dota ao verbo de maior expresividade.

(10) *¿Que pensará?* (Freixeiro Mato, 2006, p. 351)
- Argumentativo (Freixeiro Mato, 2006). Utilízase como recurso discursivo e mestura o valor enfático co irónico e o de probabilidade. Para o autor, tampouco ten valor prospectivo.

(11) Eu *direivos* tan só, qu'os meus cantares así san en confuso d'alma miña. (Freixeiro Mato, 2006, p. 352)

Pola súa concepción do tempo como unha categoría subordinada ao modo, Álvarez e Xove (2002) dan conta dunha caracterización distinta ás anteriormente expostas. O Futuro de Indicativo preséntase como a expresión de dúas unidades modotemporais. A primeira delas sería a non-irreal non-probable, que expresa a oposición 'posterioridade á orixe' e que gardaría correspondencia co significado básico do FM ofrecido nas anteriores tres gramáticas (12). Admite, ademais, dous desprazamentos da orixe: cara ao pasado (13), co mesmo valor do *futuro retrospectivo* de Freixeiro Mato (2006); e cara á orixe desde un punto anterior (14).

(12) O día 22 *teremos* un viño de despedida. (Álvarez e Xove, 2002, p. 298)

(13) Fai o bacharelato na Coruña e logo *licenciarase* en Dereito. (Álvarez e Xove, 2002, p. 298)

(14) Chamou por teléfono para dicir que *chegará* mañá. (Álvarez e Xove, 2002, p. 298)

A outra unidade modotemporal do FM é a non-irreal probable, que expresa a relación 'non-anterioridade á orixe', sen distinción entre 'simultaneidade' e 'posterioridade'. Esta unidade tamén pode sufrir desprazamentos de perspectiva. O modo probable, fronte o non-probable, é o modo marcado, e debe entenderse como un recurso que o locutor emprega para atenuar ou implicarse parcialmente no que expresa, de xeito que non garante a veracidade total do que di ou formula, como se observa en (15) (Álvarez e Xove, 2002, p. 280). Porén, cando a relación que expresa é de posterioridade, o contido modal é ambiguo: se pode substituírse polo presente, admite a interpretación 'non-probable',

mais se a substitución non é posible, pode interpretarse co sentido de ‘probable’ (16). Segundo os autores, esta ambigüidade estaría detrás dos usos frecuentes do Presente de Indicativo con valor de futuro, así como da asociación de contidos epistémicos ao FM (Álvarez e Xove, 2002, p. 292).

(15) Pedro *ten* 22 anos [‘OoV + certeza’] vs. Pedro *terá* 22 anos [‘OoV + incerteza’].
(Álvarez e Xove, 2002, p. 280)

(16) Hoxe *ceo* xurelos [‘O+V + certeza’] vs. Hoxe *cearei* xurelos [‘O+V + ¿certeza?/¿incerteza?’]. (Álvarez e Xove, 2002, p. 280)

Observamos, pois, que ademais de información temporal, o FM pode achegar contido modal de tipo epistémico (conxectura, probabilidade) ou deóntico (obriga). Este comportamento lingüístico do futuro, que tamén está presente en linguas como o español ou o portugués, puxo en dúbida a conveniencia dunha caracterización exclusivamente temporal e motivou a busca de alternativas de análise para esta forma lingüística⁵. Algúns autores (p. ex., Alarcos Llorach, 1994) defenden tratamentos puramente modais, difíciles de soste pola posibilidade de empregar o Futuro con marcas de temporalidade ou de alto grao de certeza (Cunha, 2021, p. 38). Outros, como Rojo e Veiga (1999), propoñen que o FM expresa dous valores: un primario ou básico, chamado “uso recto”, no que expresa posterioridade, e un derivado deste, o “uso dislocado”, no que o futuro perde o valor orixinal de posterioridade e pasa a comportarse como un presente con valor epistémico. Insatisfeita con estas propostas, Escandell Vidal (2010) opta por interpretar o FM en español cunha perspectiva evidencial desde a cal un evento en FM codifica un proceso inferencial por parte do falante e non contidos temporais ou modais. Por último, Cunha (2021), partindo das propostas de Gennari (2002) para o español, contempla como o método de análise máis axeitado para o portugués considerar que o FM achega información temporal e/ou modal, dependendo de factores aspectuais. Conclúe que esta forma expresa fundamentalmente información temporal de posterioridade en relación coa orixe, xa que, cando se combina con eventos, a única lectura posible é a de prospectividade. Non obstante, cando se emprega con estados móstrase compatible con dúas interpretacións diferentes. Se o estado ocupa un intervalo de tempo que o sitúa só no futuro, o sentido é prospectivo; pero se, pola contra, o estado se estende ata o momento da enunciación, a interpretación é conxectural e a relación temporal establécese coa orixe (Cunha, 2021, p. 48).

⁵ Para unha revisión máis detallada das propostas que se presentan a continuación, *vid.* Cunha (2021).

Posto que a resolución dos problemas teóricos derivados da descrición semántica do futuro queda fóra das dimensións do traballo, consideramos que, para a análise que nos compete, é suficiente con tomar como punto de partida unha síntese dos valores e usos sinalados nas gramáticas do galego máis recentes (Álvarez e Xove, 2002; Freixeiro Mato, 2006). Así pois, neste estudo, aceptamos que o FM, pode expresar, por unha banda, posterioridade en relación coa orixe e non-probabilidade e, por outra, información temporal de non-anterioridade xunto con valores modais de probabilidade ou obriga.

Esta distinción permítenos comprender as posibilidades de alternancia entre o FM e a outra forma obxecto de estudo: o futuro perifrástico. Así pois, a variación entre unha forma e a outra non se produce en todos os contextos, senón que está restrinxida a un determinado valor semántico. López Martínez (2012) sinala tres casos nos que a substitución do FM pola perífrase *ir (a) + infinitivo* non é posible: cando o FM i) presenta valor de obriga (17); ii) expresa probabilidade ou conxectura (18); e iii) forma parte dunha expresión lexicalizada (19). Lastra e Martín Butragueño (2010, p. 151) aínda recollen para o español un cuarto valor que restrinxe a alternancia, o *futuro posposto* (20), que López Martínez (2012), non obstante, parece interpretar como un caso máis de futuro modal (21)⁶.

(17) Ambas as dúas *deberán de adaptarse* con prontitude á chegada do euro. (López Martínez, 2012, p. 492)

(18) Como *suporá* o lector, a comisión importa pero non tanto. (López Martínez, 2012, p. 492)

(19) Á fin e ao cabo subsisten importantes diferenzas de salarios e prezos no propio mercado español que, á parte dunha moeda común, goza dun marco fiscal e laboral homoxéneo. Pero a todo se *andar*á. (López Martínez, 2012, p. 492)

(20) Siempre que puedo / me escapo / y me voy al fandango / y ¡bailo! / aun que / digan que bailo / que bailo mal // total / ya *bailaré* bien algún día. (Lastra e Martín Butragueño, 2010, p. 151)

(21) “Cando isto se resolva xa *veremos*”, afirmou no I Foro de Economía da Comunidade de Madrid. (López Martínez, 2012, p. 492)

Deste xeito, observamos que, cando o FM transmite valores de conxectura ou de obriga, aínda que estes se combinen co significado de posterioridade, a substitución pola perífrase

⁶ Probablemente ambos factores estean relacionados coa presenza do adverbio *xa*, que, segundo Meier (1974, p. 9), establece un contexto sintáctico propicio ao uso do FM.

non é posible. Esta só é viable cando o valor expresado é o de posterioridade simple en relación coa orixe no modo non-probable; é dicir, cando transmite o valor básico.

2.1.2. *O Futuro Perifrástico*

Antes de expoñer os usos e valores que se lle atribúen á segunda forma entorno á que se artella este traballo, *ir (a) + infinitivo*, cómpre deternos na xustificación da súa condición perifrástica.

As perífrases verbais⁷ son unidades que están formadas, como mínimo, por dous verbos: un verbo auxiliar, que é portador dos morfemas de modo-tempo e número-persoa; e un verbo auxiliado ou pleno en forma non persoal (xerundio, participio ou infinitivo), que achega o significado lexical (Álvarez e Xove, 2002, p. 335; Freixeiro Mato, 2006, p. 435). Formalmente, o auxiliar adoita preceder ao auxiliado, e poden ir unidos directamente ou mediante algún elemento de relación, como unha preposición ou unha conxunción (Álvarez e Xove, 2002, p. 335). Ademais, funcionan como unha unidade semántica e sintáctica. Por unha banda, o sentido unitario conséguese mediante a gramaticalización do auxiliar, que perde o seu significado como verbo pleno e independente para converterse nun elemento gramatical (Freixeiro Mato, 2006, p. 434). Por outra, a unicidade sintáctica implica que a perífrase se establece como o núcleo da oración na que os constituíntes se poñen en relación co verbo auxiliado, non co auxiliar, que non pode levar argumentos propios (Álvarez e Xove, 2002, p. 337).

De acordo con esta caracterización, a construción *ir (a) + infinitivo* considérase, naqueles contextos nos que o verbo *ir* funciona como verbo auxiliar, unha perífrase verbal. Mais noutras contornas sintácticas, *ir* pode manter o seu significado pleno de ‘movemento’ ou ‘desprazamento físico’ do suxeito cara a un espazo non necesariamente determinado (Rojo, 1974, p. 88), de xeito que a súa combinación cun infinitivo non formaría unha construción perifrástica, senón un conxunto verbal. Como explica Rojo (1974, p. 88) *ir* sufriu varios cambios no seu contido nocional orixinal. Primeiramente, pasou de expresar ‘movemento espacial’ a indicar o movemento mental do suxeito; isto é, a intencionalidade ou a predisposición a realizar unha acción. Logo, *ir* acabou por

⁷ Para estas construcións téñense usado outros termos como *frase verbal* (Seco, 1967) ou *voz* (Carvalho Calero, 1976). Porén, como argumenta Rojo (1974, pp. 26-27), para evitar a confusión terminolóxica resulta máis axeitado reservar as denominacións de *frase verbal* para facer referencia a unha frase cuxo elemento nuclear é un verbo, e *voz* para expresar a categoría verbal que indica a posición do suxeito respecto a un estado de cousas. Por este motivo, e de acordo coa terminoloxía empregada nas gramáticas do galego contemporáneo (Álvarez et al., 1986; Álvarez e Xove, 2002; Freixeiro Mato, 2006), usamos neste traballo as denominacións *perífrase verbal* e *construción perifrástica* indistintamente.

gramaticalizarse, perdendo as nocións físicas e intencionais do seu significado pleno para expresar ‘mudanza’ ou ‘tendencia’ cara ao futuro.

Ante a existencia de contextos nos que a distinción entre perífrase e conxunto verbal resulta ambigua, algúns autores propuxeron probas formais que permiten validar a unicidade funcional e o cariz perifrástico da construción. Para *ir* (a) + infinitivo, Gómez Torrego (1977, pp. 309-310) e García Fernández et al. (2006, pp. 178-179) propoñen a permutación dun complemento de orixe ou de dirección (23), a transformación do enunciado nunha interrogativa locativa (24) e a conmutación do infinitivo por elementos nominais (25). Freixeiro Mato (2006, p. 435) e Santamarina (1974, p. 146) aplican tamén a conmutación do verbo auxiliar por un verbo pleno de movemento como *correr* ou *marchar* (26). Se o resultado da aplicación das catro probas é unha construción perfectamente gramatical, quere dicir que nos atopamos ante un conxunto verbal non perifrástico, no que o verbo *ir* expresa contidos léxicos. Outra proba que permite validar a gramaticalización de *ir* é a da supresión do auxiliar (27), que empregan Álvarez e Xove (2002, p. 357). Neste caso, a aceptabilidade do enunciado obtido tras a proba demostra que é o segundo verbo da construción o que expresa os contidos léxicos, polo que estaríamos ante unha perífrase. Para exemplificar as cinco probas, recorreremos ao enunciado de (22), de Álvarez e Xove (2002, p. 357), que permite dar conta da importancia do contexto e da interpretación para identificar se a construción é o non perifrástica⁸.

(22) a. [Non perifrástico] Imos tomar un café a ese bar para nos espelir.

b. [Perifrástico] *Imos tomar* un café nese bar para nos espelir.

(23) a. Imos de copas a ese bar para nos espelir.

b. **Imos* de copas nese bar para nos espelir.

(24) a. A onde vas? A ese bar.

b. *A onde vas? Nese bar

(25) a. Imos ao bar.

b. **Imos* nese bar.

(26) a. Marchamos tomar un café ao bar.

b. **Marchamos* tomar un café nese bar.

⁸ Na opinión de Bauhr (1989, p. 43) “no existe un procedimiento completamente seguro aplicable a todos los casos que permita distinguir el carácter perifrástico de la construcción”, xa que non sempre todos os complementos están expresos no enunciado como nos exemplos que achegamos.

(27) a. *Tomámolo ao bar.

b. *Tomámolo* no bar.

Unha vez comprobado o estatus perifrástico de *ir (a)* + infinitivo, expoñemos, como fixemos co FM, os seus usos e valores. Se ben hai consenso en que *ir (a)* + infinitivo sempre indica certa proxección cara ao futuro (Rojo, 1974, p. 88; Freixeiro Mato, 2006, entre outros), non existe tanto acordo á hora de determinar o valor ou os valores verbais (aspecto, tempo, modo) que pode expresar esta construción.

Santamarina (1974, pp. 146-147) distingue tres valores principais: o de incoatividade, o de posterioridade e o de intención. Considera que a intención é o significado primario desta forma, que expresa a disposición cara a algo que vai realizarse nun tempo relativamente próximo. Cando a realización da acción non depende do suxeito, desaparece a intencionalidade e vólvese puramente incoativa, xa que a acción se sente como inmediata e pode ser parafraseable por “estar a punto de”, como se observa en (28). Porén, se a acción se distancia do momento de referencia, o valor xa non é incoativo, senón que adopta un sentido de posterioridade equivalente ao do Futuro Morfolóxico.

(28) Pareceume que *ía haber/estaba a punto de haber* paus. (Santamarina, 1974, p. 147)

Nunha liña semellante á de Santamarina, Álvarez e Xove (2002, p. 336) consideran que a perífrase pode expresar valores temporais ou aspectuais segundo o contexto e a interpretación. Co auxiliar en Presente de Indicativo e Copretérito, así como, nalgúns casos, Pospretérito, Futuro e Presente de Subxuntivo, adoita funcionar como unha perífrase temporal que expresa sempre posterioridade, independentemente de que vaia ligada a valores de ‘progresividade’ e ‘intencionalidade’ ou ‘inmediatez’. Os autores precisan que, cando o suxeito é inanimado e a intencionalidade está, xa que logo, ausente, o valor de posterioridade aproxímase ao do Futuro de Indicativo e ao do Pospretérito, mais non necesariamente con valores aspectuais, como indicaba Santamarina (1974).

Doutra banda, cómpre destacar que Álvarez e Xove (2002) diferencian entre o valor temporal de ‘posterioridade inmediata’ e o valor aspectual de ‘inminencia’. Aínda que próximos entre si, o primeiro expresa que un evento se localiza nun futuro próximo (29), mentres que o segundo indica que o acontecemento está na fase de se realizar proximamente (30).

(29) *Vouvos dicir* unha cousa: ... (Álvarez e Xove, 2002, p. 357)

(30) Sempre me interrompen cando *vou ver* unha película. (Álvarez e Xove, 2002, p. 357)

Como perífrase aspectual e co auxiliar en Presente, Pretérito ou Antepretérito de Indicativo, *ir (a) + infinitivo* tamén pode presentar *valor demarcativo* (Álvarez e Xove, 2002, p. 370) naqueles enunciados nos que indica que un acontecemento vai concluír fortuitamente (31).

(31) Despois de que me fixo quedar mal ante todos, agora *vai me deixar* só (Álvarez e Xove, 2002, p. 371)

Outros autores, en cambio, consideran que a perífrase non expresa valores aspectuais. Álvarez et al. (1986, p. 405) e Freixeiro Mato (2006, p. 438), por exemplo, clasifican *ir (a) + infinitivo* como unha perífrase puramente temporal, que permite expresar nocións de posterioridade vinculadas coa intencionalidade ou coa futuridade, sexa esta xeral ou inmediata⁹. Rojo (1974, p. 91) advirte que *ir (a) + infinitivo* pode perder o seu contido de futuridade cando se emprega en cláusulas exclamativas ou interrogativas que se refiren a un feito acontecido anteriormente (32). Nestes casos, a perífrase expresaría simultaneidade e modalidade, feito que o autor ve como un síntoma evolutivo da perífrase.

(32) ¡Que lle *imos facer*! Os probes andamos polo mundo expostos a todo. (Rojo, 1974, p. 91)

López Martínez (2012, p. 492) tamén identifica no seu traballo sobre *ir (a) + infinitivo* outros valores non temporais, como os usos hipotéticos en prótase de condicional, nos que expresa accións que poden ocorrer no futuro se se cumpre a condición dada (33); os usos modais, nos que a construción expresa posibilidade ou probabilidade (34); e os usos lexicalizados (35), nos que a perífrase se comporta como un marcador discursivo.

(33) Ademais *se o alumno vai ser profesor* de escola ou de música en xeral serve de moito ter certas nocións básicas para realizar acompañamentos. (López Martínez, 2012, p. 492)

(34) Mozambique *vai aprender* da nosa tradición pesqueira. (López Martínez, 2012, p. 492)

⁹ Tamén Bauhr (1989) para o español e Cunha (2021) para o portugués defenden que *ir (a) + infinitivo* só expresa valores temporais, non aspectuais. Para a expresión de imperfectividade, o portugués conta coa construción *ir (a/para) + infinitivo*.

(35) (entrevistador): ¿Banqueiros como Mario Conde estarían agora sufrindo a penitencia por intentalo? (entrevistado): —*Imos ver...* (López Martínez, 2012, p. 492)

En traballos sobre o español, tamén se rexistra esta construción con valores exhortativos (36), para dar ordes atenuadas ou para expresar seguridade na realización da orde (Pitloun, 2005, p. 237). Este uso, como demostran algúns exemplos do noso corpus empregados para a análise, tamén se manifesta na perífrase galega.

(36) *Van a fotocopiar* este libro entero (...) y el último día me lo *van a traer* empastado. (Pitloun, 2005, p. 237)

Vemos, pois, que as principais discrepancias na descrición de *ir (a) + infinitivo* están na súa delimitación como perífrase unicamente temporal ou temporal e aspectual, debido aos significados de inmediatez ou futuridade próxima que tradicionalmente se lle atribúen. As alternativas de análise son diversas. Bravo Martín (2008), por exemplo, clasifícaa no español como unha perífrase ambigua entre as interpretacións temporais e aspectuais. Baseándose na *hipótese da relevancia no presente* (Klein, 1994), considera que o vínculo entre *ir (a) + infinitivo*, o presente, a intencionalidade e a inminencia pode explicarse polo cariz aspectual prospectivo da perífrase, pois expresa, como en (37), “la existencia de un estado de cosas que es antecedente de una situación posterior con la que está asociada por definición” (Bravo Martín, 2008, p. 379). Porén, é a posibilidade de admitir interpretacións temporais cando vai acompañada dalgunha marca temporal, como en (38), o que a levan a concluír que se trata dunha perífrase ambigua (Bravo Martín, 2008, p. 378).

(37) No te sientes en esa roca. Se *va a caer* [‘a roca vai caer inevitablemente, por iso non debes sentar nela’] {/ *caerá* [‘a roca cae se sentas nela’]} (Bravo Martín, 2008, pp. 45-46)

(38) El Sanse y el Hernani *van a jugar* {/ *jugarán*} el domingo en Zubieta, a las 11.30 (Cunha, 2022, p. 129)

Outros autores, como Bauhr (1989), tratan de explicar desde unha perspectiva temporal os valores de inmediatez que distinguen a perífrase do FM. A partir do seu estudo, tamén conclúe que, ademais do valor O+V, o FP pode indicar que un evento é “consecuencia natural de una situación o proceso que ya está presente o en marcha en el momento en el que se señala” (Bauhr, 1989, p. 50). Non obstante, para o autor, este vínculo entre o acontecemento posterior e a situación presente remite a contidos puramente temporais e

non a valores aspectuais inminenciais ou prospectivos. Segundo a súa interpretación, a perífrase, ademais de posterioridade simple, pode expresar posterioridade indirecta a través dunha referencia a un acontecemento simultáneo á orixe, representable mediante o vector (OoV)+V (Bauhr, 1989, p. 50).

Para este traballo, no que só analizamos as formas nas que o auxiliar está conxugado en Presente de Indicativo (xa que son as que permiten a alternancia co FM), partimos da proposta de Álvarez e Xove (2002), segundo os que a perífrase pode presentar valores temporais e aspectuais. Como perífrase aspectual, expresa contidos inminenciais. Como perífrase temporal, transmite, principalmente, posterioridade en relación coa orixe. A posterioridade pode acompañarse de valores de proximidade, inmediatez ou intención segundo o contexto; de posibilidade ou probabilidade, cando vai en prótase de condicional; ou de valores exhortativos, cando forma parte dun acto directivo. O valor de futuridade perderíase ou neutralizárase cando presenta funcións expresivas ou retóricas en cláusulas exclamativas ou interrogativas.

No que respecta á alternancia co futuro sintético, o FP tampouco admite a substitución polo FM cando permite lecturas aspectuais de inminencia, modais de posibilidade, de carácter exhortativo ou retóricas. A diferenza do FM, o uso do FP tamén está fixado a certos contextos sintácticos, como a prótase de condicional ou as subordinadas temporais encabezadas por *cando*¹⁰. Nestas construcións, aínda que o contido temporal sexa prospectivo, a alternancia co FM non é posible, como se advirte en (39) e (40).

(39) Ademais se o alumno vai ser profesor de escola ou de música en xeral serve de moito ter certas nocións básicas para realizar acompañamentos. (López Martínez, 2012, p. 492)

(40) y ya cuando va a <~a:> echar la ropa le pone un poquito de agua para que no esté tan espeso y/ y ya/ ya sale. (Lastra e Martín Butragueño, 2010, p. 237)

2.1.3. A alternancia entre Futuro Morfolóxico e Futuro Perifrástico

Como se explica nos apartados anteriores, as posibilidades de alternancia entre o FM e o FP están restrinxidas ao valor de posterioridade en relación coa orixe e a certos contextos sintácticos. Así, parte da investigación sobre estas formas de futuridade centrouse en

¹⁰ O emprego da perífrase en cláusulas encabezadas por *cando* resulta estraño no portugués, mais si se rexistra en español (Cunha, 2022).

determinar que factores condicionan a variación entre estas e outras expresións de futuridade.

Os estudos sobre o galego conclúen que tanto o estilo (Meier, 1974, p. 15; Freixeiro Mato, 2006, p. 439) como a modalidade textual (Meier, 1974; Rojo, 1974; López Martínez; 2012) poden afectar ao emprego destas dúas formas. Esta diminución do uso do FM con valor temporal na lingua oral non é exclusiva do galego, senón que tamén é un fenómeno que se aprecia noutras linguas próximas, como o portugués ou o español. Tanto no portugués europeo como no portugués do Brasil, os estudos demostran un claro predominio da forma perifrástica na lingua oral, o que leva a Oliveira (2011) a confirmar que “esse processo [de substitución da forma simple pola perifrástica] já se encontra em fase de compleitacao” (*ápu*d Oliveira, 2006, p. 372). Na lingua escrita, en cambio, a expresión sintética continúa a ser a forma preferida, máis no Brasil (71%) ca en Portugal (65%), segundo os datos de Oliveira (2011). No caso do español, a situación é semellante, como se advirte na Figura 1.

	FM	FP	N
Caracas (Iuliano 1975, 62–63)	23	77	627
Venezuela (Silva-Corvalán y Terrell 1992, 767, 769)	23.9	76.1	67
Caracas y Maracaibo (Sedano 1994, 231)	12	88	811
Rosario (Ferrer y Sánchez 1991, 72)	20	80	171
Chile (Silva-Corvalán y Terrell 1992, 767, 769)	3.6	96.4	169
República Dominicana (Silva-Corvalán y Terrell 1992, 767, 769)	2	98	51
Bogotá (Becerra 2005, 5)	25.8	74.2	625
Costa Rica (Pitloun 2005, 244)	5.2	94.8	191
México (Lastra y Martín Butragueño 2010, 150)	7.3	92.7	953
Puerto Rico (Claes y Ortiz 2011, 59)	9.3	90.7	366
Madrid (Gómez Manzano 1988, 72–73)	42.9	57.1	983
Las Palmas de Gran Canaria (Troya 1998, 81)	38.1	61.9	430
Castellón (Blas Arroyo 2008, 93)	46	54	1122
Valencia (Buzón y Gómez Molina 2015, 128)	44.63	55.37	921

Figura 1. Distribución do FM e do FP en distintas comunidades de fala española. (Fonte: Troya Déniz, 2018).

A figura permítenos observar, en primeiro lugar, que o FP é maioritario na oralidade; e en segundo lugar, que no uso das formas tamén ten influencia a variable xeográfica. Así pois, nas falas de español peninsular e das Palmas de Gran Canaria, o uso de FP non supera o 62%, mentres que nas cidades americanas se sitúa por riba do 74%, chegando a superar o

90% en Chile, República Dominicana, Costa Rica, México e Porto Rico (Troia Déniz, 2018, p. 418).

Doutra banda, coma no portugués, en textos narrativos escritos en distintas variedades do español, o FM é a forma máis empregada, fronte ao FP, para expresar futuridade, como se advirte na Figura 2.

		Futuro morfológico		Futuro perifrástico		Total
		Casos	%	Casos	%	
Grimes (1968)	J. Rulfo (Pedro Páramo)	155	86	26	14	181
Ávila (1968)	R. Usigli (El gesticulador)	81	84	15	16	96
Blas Arroyo (2000)	Buero Vallejo (Tres obras de teatro)	351	78	99	22	450
Bauhr (1989)	Cincuenta obras de teatro (1959-1973)	2.472	75	812	25	3.284
Blas Arroyo (2000)	Alonso de Santos (Cuatro obras de teatro)	485	63	188	37	773
Söll (1968)	A. Espinosa, hijo (Cuentos populares...)	268	61	170	39	438
Ávila (1968)	L. G. Basurto (Cada quien su vida)	31	48	34	52	65
Hunnius (1968)	A. Espinosa (Cuentos populares...)	39	42	53	58	92
Grimes (1968)	O. Lewis (Los hijos de Sánchez)	16	10,5	136	89,5	152
Total		3.898	72	1.533	28	5.431

Figura 2. Distribución do FM e do FP no español escrito. (Fonte: Sedano, 2006).

Nestes datos recollidos por Sedano (2006), a porcentaxe de aparición do FM sitúase por riba do 70% nos textos literarios escritos. Ademais, no estudo desta autora sobre a prensa escrita de Venezuela, recóllese que a porcentaxe de uso do FM alcanza ata o 93% dos casos; unha frecuencia similar á que López Martínez (2012) atopa nos xornais en galego (92,8%). Na opinión de Sedano (2006) este fenómeno podería xustificarse na relación que os falantes establecen entre a lingua escrita e o uso de formas máis conservadoras¹¹, como é o futuro sintético.

¹¹ Descoñecemos as fontes nas que se basea Sedano (2006) para realizar esta afirmación, mais o estudo diacrónico de Melis (2006) sobre as perífrases con verbos de movemento no español parece apoiála. A análise do seu corpus mostra que o emprego de *ir a* + infinitivo como perífrase temporal é practicamente residual aínda no séc. XVIII en comparación coas aparicións do futuro sintético (Melis, 2006, p. 930).

Ademais da modalidade textual e o ámbito xeográfico, hai outros factores internos que poden afectar ao emprego dunha forma ou outra. López Martínez (2012, p. 499) conclúe que o emprego FM en textos xornalísticos é maior ante marcas de modalidade epistémica; mentres a perífrase parece ter maior emprego en enunciados con verbos en primeira persoa nos que se expresa intencionalidade ou se reproduce a lingua falada.

Se atendemos ás investigacións realizadas sobre o portugués, comprobamos que o FM está relacionado, segundo Barbosa (2007, p. 48), coa expresión de modalidade de certeza e de intención, así como coa modalidade deóntica e de expresión de hipótese. Para Oliveira (2011), ademais, o uso desta forma vese favorecido por enunciados con suxeito paciente e a terceira persoa gramatical, así como polo uso de verbos irregulares e estativos. Pola contra, o FP é o preferido naqueles contextos nos que o suxeito é axente, nos que se combina con verbos regulares, de acción ou proceso, ou nos que se emprega coa terceira persoa gramatical (Oliveira, 2011, p. 380).

No español, a situación que se describe é semellante. Como revelan varios estudos (Bauhr, 1989; Sedano, 1994; Lastra e Martín Butragueño, 2010; Troya Déniz, 2018, entre outros), o FP adoita verse favorecido pola primeira persoa gramatical, os marcadores de seguridade, a distancia temporal inmediata, a intencionalidade e a polaridade negativa. En cambio, favorecen o emprego do FM a terceira persoa gramatical, a distancia temporal afastada ou media, os verbos relacionais, de percepción ou existencia, os marcadores de incerteza e a presenza dunha perífrase como núcleo verbal. Outras variables, como a presenza ou a ausencia de marcas de modalidade e o tipo de oración, malia que presentan resultados relevantes nas análises, non sempre coinciden entre os diferentes estudos.

Esta revisión permítenos comprobar que alternancia do FM e do FP está condicionada non só pola modalidade textual, senón tamén por un gran conxunto de variables internas, tales como a semántica e a tipoloxía do verbo, a persoa gramatical, a presenza de marcas de modalidade ou de temporalidade, o tipo de oración e a polaridade.

3. Datos e metodoloxía

3.1. Material de análise

Para analizar a distribución do Futuro Morfolóxico e do Futuro Perifrástico empregáronse os materiais do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), que está formado textos orais e escritos representativos da lingua galega e comprendidos entre o 1975 e o 2021. Segundo a información consultable na páxina de acceso, o corpus contén ao redor de 45 millóns de palabras na súa versión actual (4.1).

A codificación, a anotación morfosintáctica e a lematización que enriquece o corpus permite a consulta de diferentes datos lingüísticos (palabras ortográficas, elementos gramaticais, etiquetas, lemas etc.), bibliográficos e estruturais (período temporal, área temática, parte do documento etc.) a través da súa aplicación, dispoñible en liña. A ferramenta de busca posibilita, asemade, a realización de procuras simples ou combinadas, cuxos resultados poden visualizarse en forma de frecuencias, concordancias, inventarios ou coaparicións.

Para a recuperación das formas obxecto de estudo (o futuro sintético e a perífrase *ir (a) + infinitivo*) realizáronse dúas buscas independentes por elementos gramaticais no subcorpus de textos narrativos comprendidos entre os anos 2018 e 2021, ao que se accedeu mediante a aplicación de dous filtros de busca: o de xénero¹² e o do período temporal. Este subcorpus contiña, na versión empregada para o traballo (4.0), 125.267 elementos gramaticais distribuídos en dúas novelas e dúas coleccións de relatos curtos escritas no 2018.

As formas de Futuro Morfolóxico obtivéronse a través da busca das etiquetas de Futuro de Indicativo, mentres que as do Futuro Perifrástico requiriron unha procura por elementos próximos na que se seleccionou, en primeiro lugar, o hiperlema *ir* combinado coas etiquetas de Presente de Indicativo, e en segundo lugar, calquera elemento gramatical etiquetado como forma verbal en infinitivo. A distancia escollida entre estes dous elementos foi a de ≤ 3 , xa que se previu a posibilidade de que entre o auxiliar e o auxiliado se intercalasen varios clíticos e/ou a preposición *a*.

A partir destas buscas recuperáronse 227 concordancias do Futuro Morfolóxico e outras 140 do Futuro Perifrástico. De entre as primeiras, descartáronse tres casos: un no que, por erro do etiquetador automático, o verbo marcado como futuro de indicativo era,

¹² No CORGA, o xénero textual é unha das variables empregadas para clasificar tipoloxicamente os documentos escritos do corpus. O filtro permite distinguir entre textos narrativos, dramáticos, xornalísticos e ensaísticos. No xénero narrativo agrúpanse tanto novelas coma relatos curtos.

en realidade, unha forma de antepretérito (1); e outros dous que nos que a forma futura era o auxiliar da perífrase *ir (a) + infinitivo* (2).

(1) *Pasaramos* días atrás un forte temporal. (VSP, Rivas)

(2) Pregúntome se alguén o *irá ler*. (ACW, Mato)

En canto ás formas do Futuro Perifrástico, prescindimos de 12 exemplos. Dous deles elimináronse por ser repeticións literais doutros casos xa rexistrados na mesma obra (3).

(3) a. Cando sexas grande, filla, *vas dobrar* o cabo do mundo. (NAT, Zúñiga)

b. Cando sexas grande filla, *vas ter* un anaco de terra. (NAT, Zúñiga)

Descartáronse tamén aqueles exemplos que non se correspondían coa expresión *ir (a) + infinitivo*, mais que foron recuperados debido aos parámetros seleccionados na busca por elementos próximos. Son casos nos que, preto do verbo *ir*, aparece un infinitivo non auxiliado que entra dentro do rango de busca ≤ 3 , como *vernos* en *van estrañar de vernos* (4).

(4) Por aí, polo sendeiro do Roncudo, só andan os trasnos chalados da ruta dos faros.

E na Barda só paran mariñeiros coma nós, de cando en vez, e non se van estrañar de vernos alí. (VSP, Rivas)

Por último, foron excluídos da análise os casos nos que o verbo *ir* do complexo verbal *ir (a) + infinitivo* ou expresaba claramente valor de movemento (5) ou era ambiguo en canto ao seu valor polo contexto no que se insería (6)¹³. Para comprobar a gramaticalización das construcións dubidosas, aplicáronse algunhas das probas formais formuladas por Gómez Torrego (1977, pp. 309-310) e García Fernández et al. (2006, pp. 178-179), como a conmutación do infinitivo por elementos nominais (6a), a permutación dun complemento de orixe ou de dirección (6b) e a transformación do enunciado nunha interrogativa locativa (6c); así como a proba da substitución do auxiliar por un verbo de movemento (*marchar, correr*) proposta por Freixeiro Mato (2012, p. 435) (6d). A posibilidade de realizar estes cambios sobre unha determinada construción demostra a capacidade léxica de *ir* e, en consecuencia, que o conxunto verbal non é unha perífrase.

(5) *Vaise sen despedirse*. (VSP, Rivas)

(6) Hoxe non *vas nadar*? (VSP, Rivas)

a. Conmutación: *Hoxe non vas a natación? Hoxe non vas a iso?*

¹³ Como sinala Bauhr (1989, p. 32), son casos nos que se observa unha situación semellante ao proceso que conduciu á gramaticalización de *ir*: para realizar a acción do infinitivo é preciso que o axente se desprece, sen que sexa posible garantir que o falante quixese expresar movemento.

- b. Permutación: *Hoxe non vas nadar [á piscina]? Hoxe non vas [á piscina] nadar?*
- c. Transformación: *A que vas? / A onde vas? A nadar.*
- d. Substitución por un verbo de movemento: *Hoxe non marchas nadar?*

Deste xeito, a mostra final compúxose dun total de 352 formas de futuro: 224 de FM e outras 128 de FP, distribuídas en 4 obras de autores diferentes. Na Táboa 2 presentamos a relación de obras e autores que forman o corpus do traballo, xunto co cómputo de formas de FM e FP rexistradas en cada obra e o código que empregamos neste estudo para a súa citación nos exemplos.

Código	Autor/a	Obra	FM	FP	Total
DDP, Heinze	Heinze de Lorenzo, Úrsula	<i>Delirios de pracer</i>	28	48	76
ADC, Mato	Mato Fondo, Miguel	<i>Adeus, capitán Walton</i>	74	11	85
VSP, Rivas	Rivas, Manuel	<i>Vivir sen permiso e outras historias de Oeste</i>	52	51	103
NAT, Zúñiga	Zúñiga, Iolanda	<i>Natura</i>	70	18	88
Total			224	128	352

Táboa 2. Distribución do FM e do FP segundo as obras narrativas da mostra.

3.2. Método empregado

Para a análise da mostra, realizouse unha selección de variables lingüísticas para a que se tomaron en consideración estudos previos sobre a expresión de futuridade en galego (Rojo, 1974; López Martínez, 2012) e sobre variedades doutras linguas tipoloxicamente próximas, coma o español (Bauhr, 1989; Sedano, 1994, 2006; Pitloun, 2005; Aaron, 2007; Lastra e Martín Butragueño, 2010; Escandell Vidal, 2010; Troya Déniz, 2018) e o portugués (Silva, 1997; Oliveira, 2006; Barbosa, 2007; Oliveira, 2011; Cunha, 2021).

Posto que entre os obxectivos deste traballo está a análise dos parámetros lingüísticos que poden condicionar a escolla dunha forma de futuridade ou outra, considerouse oportuno, seguindo a xustificación de Sedano (1994), examinar unicamente aquelas formas de FM e FP que se atopan en situación de alternancia; é dicir, que poden alternar sen producir un cambio substancial no significado ou unha estrutura agramatical. Para iso, analizáronse, primeiramente, os valores e usos que admiten ou restrinxen a alternancia entre as dúas expresións.

En relación co FM, e a partir dos estudos de Sedano (1994), Lastra e Martín Butragueño (2010) e López Martínez (2012), clasificáronse como formas con posible alternancia aquelas que presentaban valor de futuridade xeral (O+V) (7). Como non alternantes, incluíronse as expresións que posuían valores modais de dúbida, conxectura ou cálculo en relación co presente (8) ou valores orde, prescrición ou necesidade lóxica vinculados ao futuro factual¹⁴ (9), así como certas fórmulas estereotipadas (10).

- (7) Entón, *irei* para casa e *abrirei* a fiestra do meu cuarto. *Sentarei* cabo dela de *seguirei* coa lectura. (ACW, Mato)
- (8) Estás tolo! Non podemos nin achegarnos por alí. *Estarán* a esperar. Case seguro. Iso é o que debe estar a pasar. (VSP, Rivas)
- (9) *Amarás* a Natura sobre todas as cousas. (NAT, Zúñiga)
- (10) –Como sempre tes curiosidade por algo diferente, hoxe tamén che vou cumprir ese desexo.
–Sen facerme dano, enténdese.
–Xa *veremos*. (DDP, Heinze)

En canto ao FP, atendendo aos criterios de clasificación de López Martínez (2012) para o galego e de Sedano (1994), Pitloun (2005) e Lastra e Martín Butragueño (2010) para o español, diferenciáronse as expresións que admiten alternancia e teñen valor de futuridade xeral ou próxima (11) daquelas que non teñen alternancia e que poden ou non presentar valores de prospectividade. Así, tratamos de identificar as perífrases con valor inminente (12), en prótese de condicional (13) ou en subordinada con *cando* (14) entre as formas sen posibilidade de alternancia e con valor de futuridade; e as perífrases con valor exhortativo (15) ou modal (16), retóricas (17) ou certas fórmulas semilexicalizadas (18) entre as formas sen posibilidade de alternancia e sen valor de futuridade.

- (11) Ante a expresión de estrañeza do resto, Mario Mendoza anuncia que, por responsabilidade, *vai revelar* unha confidencia. (VSP, Rivas)
- (12) Eu tampouco investigo o que fas ti cando eu non estou. Deixemos a cousa en paz. *Voume deitar*. (DDP, Heinze)
- (13) Ademais se o alumno *vai ser* profesor de escola ou de música en xeral serve de moito ter certas nocións básicas para realizar acompañamentos. (López Martínez, 2012, p. 492)

¹⁴ *Vid.* Escandell Vidal (2019, p. 27).

- (14) [...] un mar grisazulado polo que navega un veleiro coa arboradura despregada como as ás dunha enorme ave mariña, xigantesco mascato cruzando próximo o lugar polo que ela adoita pasear cada tarde, desde onde contempla a chegada das primeiras sombras cando o faro *vai ser acendido*. (VSP, Rivas)
- (15) — Cousas do destino. Basta de leria. *Imos traballar* un pouco. (DDP, Heinze)
- (16) Yo no sé de dónde los *van a coger* (Pitloun, 2005, p. 238)
- (17) Como te *vou abandonar*? (DDP, Heinze)
- (18) — Como che vai?
— Sen ti peor. E non o *vas crer*, sobre todo anímicamente. (DDP, Heinze)

Unha vez realizada a clasificación dos casos segundo a posibilidade de alternancia e os valores acordados, procedeuse ao estudo das variables lingüísticas consideradas neste traballo sobre o subcorpus con alternancia: (i) a persoa gramatical, (ii) a distancia temporal, (iii) o tipo de oración, (iv) a polaridade e (v) a modalidade.

No que respecta á persoa gramatical, cómpre destacar que se descubriron resultados relevantes na maioría das investigacións (Bauhr, 1989; Sedano, 1994; Oliveira, 2011; López Martínez, 2012; Troya Déniz, 2018; entre outros), nas que se confirma certa vinculación entre a P1 e o uso de FP, tanto en textos escritos como en textos orais. No presente traballo, préstase atención ás tres persoas gramaticais, sen distinguir entre singular e plural e sen ter en conta a diferenciación que establecen algúns estudos previos entre a terceira con referente no discurso, a terceira en concordancia cos pronomes de respecto e a terceira impersoal (Troya Déniz, 2018, p 423), que resulta demasiado exhaustiva para unha mostra tan reducida como a deste traballo.

A distancia temporal tamén resultou importante en traballos previos doutras linguas (Sedano, 1994; Silva, 1997; Troya Déniz, 2018). Por distancia temporal, enténdese o intervalo de tempo existente entre o momento da enunciación e a acción futura (Troya Déniz, 2018, p. 425). A pesar de que a definición da variable non ofrece disputa, as propostas que se formularon para a súa análise si son heteroxéneas: algúns autores atenden á conexión das formas de futuro e os adverbios de tempo coa orixe (Bauhr, 1989; Troya Déniz, 1998), mentres outros se basean na distancia expresada polos complementos circunstanciais (Sedano, 1994), polos elementos deícticos ou mesmo pola interpretación de contextos con especificación temporal explícita ou implícita (Lastra e Martín Butragueño, 2010). Doutra banda, as divisións establecidas na escala temporal tamén difiren entre os investigadores: para Troya Déniz (1998) é suficiente unha división

binaria (-conexión/+conexión coa orixe), pero outras investigadoras, como Sedano (1994), prefiren unha división tripartita (posterioridade inmediata, posterioridade relativamente próxima ou posterioridade afastada ou moi ampla).

Tendo en conta as características da mostra e as dimensións do traballo, tomouse como clasificación de referencia a realizada por Sedano (1994) e examinouse unicamente a distancia temporal expresada por marcas lingüísticas non oracionais (adverbios, locucións, frases nominais etc.) que funcionase como complemento circunstancial de tempo. Deste xeito, foi posible clasificar cada indicador temporal nun dos seguintes tres grupos de acordo ao grao de distanciamento temporal e de indeterminación: (i) posterioridade inmediata, (ii) posterioridade relativamente próxima e (iii) posterioridade afastada ou indeterminada.

No primeiro grupo recóllense todos aqueles circunstanciais que expresan inmediatez. Ademais dos adverbios *agora* e *xa* indicados por Sedano (1994), incluíronse outras locucións que tamén remiten a un momento inmediatamente posterior, como *de agora en diante* ou *a partir de agora*, que exemplificamos en (19).

(19) A partir de agora, as masaxes sempre *van ser* dese xeito, que o saibas. (DDP, Heinze)

As expresións que fan referencia a un momento determinado no mesmo día, semana, mes ou ano (*ás cinco, hoxe, o venres, mañá, este mes, este ano*) foron clasificadas como expresións de posterioridade relativamente próxima. A carón dos mencionados por Sedano (1994, p. 232), incluíronse algúns adverbios cuxo significado remite a un tempo próximo, aínda que indeterminado, como *axiña, pronto* ou *deseguido*. Nos exemplos (20)-(22), ofrécese unha mostra do uso de FM e FP en combinación con adverbios de posterioridade próxima.

(20) Pronto *despexaremos* as vosas dúbidas. (NAT, Zúñiga)

(21) —Reláxate —a palabra máxica de Cristian—. Xa verás como deseguido te *atoparás* mellor. (DDP, Heinze)

(22) Hoxe tamén che *vou cumprir* ese desexo. (DDP, Heinze)

O último grupo recolle os circunstanciais que expresan afastamento temporal, sexa este amplo ou impreciso, como *algún día, algunha vez, co tempo, sempre, nunca, xamais* etc. Os exemplos (23) e (24) ilustran a combinación destas expresións co FM e co FP, respectivamente.

(23) Había quen pronunciaba un "xamais te esquecerei" sen sentido contra aquel final onde a lucidez xacía moribunda. (NAT, Zúñiga)

(24) — Eu non quero ser camareiro! Nunca xamais vou ser camareiro. Na puta vida, enténdesme? (VSP, Rivas)

No que respecta á terceira variable, relativa ao tipo de oración, distinguíuse, por unha banda, se o evento expresado polo FP ou o FM é o núcleo dunha oración principal (simple ou complexa) ou dalgún tipo de subordinada (substantiva, de relativo, causal etc.). Por outra banda, analizouse a combinación do FM e do FP con algúns contextos sintácticos particulares que presentan resultados significativos nas investigacións previas do español (Bauhr, 1989; Troya Déniz, 2018), como próteses condicionais (25), cláusulas temporais (26), estruturas coordinadas (27) ou o adverbio *entón* cando este recupera anaforicamente o sentido temporal expresado no enunciado anterior, como en (28), no que adquire a significación de ‘despois de chegar ao peirao’.

(25) Se non vou, farame crer que lle debo algo. (VSP, Rivas)

(26) Cando isto remate, aquí quedarán miles. (NAT, Zúñiga)

(27) Se teño forzas, traereino eu mesmo e acenderei o lume. (ACW, Mato)

(28) Pensa: “non tardaremos en chegar ao peirao. Entón, *irei* para casa e *abrerei* a fiestra do meu cuarto. Sentarei cabo dela e seguirei coa lectura. [...]” (ACW, Mato)

A cuarta variable analizada foi a polaridade (Bauhr, 1989; Aaron, 2007; Lastra e Martín Butragueño, 2010), coa que se procurou a observación do comportamento do FM e do FP segundo a oración fose afirmativa ou negativa.

Finalmente, atendemos á modalidade, entendida como a actitude do falante con respecto á proposición enunciada (Bauhr, 1989, p. 69). Para a análise desta variable, diferenciáronse catro dominios modais seguindo a clasificación empregada por Bauhr (1989): a modalidade epistémica, a modalidade deóntica, a modalidade funcional ou dinámica e a modalidade de intención.

A modalidade epistémica, relacionada co valor verídico da proposición (Bauhr, 1989, p.77), defínese como a avaliación das probabilidades de que unha situación se realice ou como a expresión do compromiso do falante coa información emitida (Míguez, 2021, p. 112). Esta probabilidade exprésase na actitude do emisor que vai desde a máxima seguridade sobre a verdade da proposición ata a máxima inseguridade (Sedano, 1994, p. 233). É por iso polo que, seguindo a Sedano (1994), se decidiu analizar esta variable distinguindo entre enunciados que expresen seguridade epistémica e inseguridade

epistémica, sempre que exista algunha marca lingüística que o indique. Así, a seguridade epistémica (29) identificouse principalmente a través da subordinación do FM ou do FP aos verbos como *estar seguro, saber, asegurar, estar convencido de*, mais tamén pola presenza de adverbios (*seguramente*) ou adxectivos (*certo* ou *seguro*) no enunciado. Pola súa banda, a inseguridade epistémica (30) recoñeceuse pola subordinación das formas de futuro a expresións como *non estar seguro, non saber, creer, pensar, coidar, supoñer* etc.; pola súa combinación con certos adverbios e adxectivos epistémicos (*quizais, talvez, se cadra, probable* etc.); ou polo seu uso en interrogativas de inseguridade, que son aquelas que se formulan para expresar a incerteza do falante, non para tratar de obter nova información a través da resposta do oínte (Sedano, 1994, p. 234).

(29) Está convencido de que Xermán e os seus acólitos escoitan todas as conversas no despacho da conserveira. E que esa vixilancia se *irá* estendendo a todo o círculo de Nemo. (VSP, Rivas)

(30) Só che podo dicir que boto de menos a familia e coido que pronto nos *xuntaremos* todos. (DDP, Heinze)

En canto á modalidade deóntica, esta adoita entenderse en termos de petición ou obriga, como unha indicación da posibilidade ou a necesidade do evento descrito no enunciado segundo un determinado código moral (Míguez, 2021, p. 112). Entre os elementos lingüísticos que nos permiten identificala están os auxiliares modais (*deber de, ter que, poder, haber de*) e os adxectivos (*esencial, aceptable*). Do mesmo xeito que Palmer (2001), consideramos recoñecer os actos directivos como unidades que tamén expresan esta modalidade. En (31) ofrécese un exemplo de modalidade deóntica marcada polo auxiliar *deber*.

(31) Mentres, deberedes entregarnos a outro dos cometidos capitais da Misión. (NAT, Zúñiga)

Pola súa banda, a modalidade funcional refírese á posibilidade ou necesidade de realizar unha determinada acción (Bauhr, 1989, p. 77), e corresponde co que Palmer (1980) chama modalidade dinámica. Os auxiliares modais *deber (de)* e *poder* servíronnos para identificar esta modalidade, coma en (32).

(32) Non o poderás evitar porque o levas dentro de ti, como todos o levamos. (ACW, Mato)

Por último, a modalidade intencional é definida por Bauhr (1989, pp. 86-91) como unha categoría derivada da obriga e da necesidade que pode entenderse como a disposición

manifesta do falante a realizar algo de forma voluntaria. O autor sinala que a intención só se dá na primeira persoa gramatical, pois o emisor só pode estar seguro da súa propia intención, non da dos demais. Como Bauhr (1989) e Sedano (1994), baseámonos para a súa identificación na interpretación contextual dos casos da mostra, xa que as marcas lingüísticas que poden expresar intención (*teño a intención de; penso + infinitivo*) son moi limitadas e pouco frecuentes. Os enunciados como (33) nos que percibimos certo compromiso, promesa ou disposición a que o emisor realice algo foron clasificados dentro da modalidade de intención (Bauhr, 1989, p. 98).

(33) Para a próxima *traereiche* un frasco cunha beberaxe que poderás aplicar sempre que o precises. (DDP, Heinze)

De acordo con estes criterios, os 352 casos que compoñen a mostra foron clasificados e analizados en dúas táboas: unha correspondente ao Futuro Morfolóxico (Anexo I) e outra correspondente ao Futuro Perifrástico (Anexo II). En ámbalas dúas táboas, cada exemplo vai precedido do código bibliográfico e rodeado polo contexto inmediatamente anterior e posterior. Nas columnas seguintes, rexistramos os valores de cada forma, a posibilidade de alternancia, o tipo de oración, os contextos sintácticos particulares, a polaridade, a persoa gramatical, a distancia temporal e a modalidade.

Na seguinte sección do traballo, expóñense os resultados da análise coa que se pretende describir a distribución xeral do FM e do FP en textos narrativos modernos e comprobar se as variables escollidas favorecen ou prexudican a escolla dunha ou doutra forma cando estas están en alternancia. Deste xeito, pretendemos determinar se o comportamento de ámbalas dúas formas no corpus se achega ou se afasta ás tendencias identificadas noutros estudos e noutras linguas. A análise que se seguiu para este cometido foi principalmente cuantitativa, aínda que se intentou complementar con comentarios de tipo cualitativo que contribuísen a esclarecer certos casos, contextos ou resultados particulares.

4. Análise dos datos

Neste apartado expoñemos a análise cuantitativa e cualitativa da distribución do Futuro Morfolóxico (FM) e do Futuro Perifrástico (FP) nas catro obras narrativas do galego moderno que compoñen o noso corpus de análise. Primeiro, móstranse os datos relativos aos valores das formas obxecto de estudo e á súa posibilidade de alternancia. Logo, sobre o conxunto de casos que admiten variación, expóñense os resultados do estudo das cinco variables lingüísticas seleccionadas para este traballo: a persoa gramatical (§ 4.1), a distancia temporal (§ 4.2), o tipo de oración (§ 4.3), a polaridade (§ 4.4) e a modalidade (§ 4.5).

Do total das 352 formas de futuridade que compoñen a mostra, identificáronse 224 casos de Futuro Morfolóxico e 128 de Futuro Perifrástico. Como se observa na Táboa 3, o uso futuro sintético (63,63%) é superior ao do analítico (36,36%).

	N.º	%
FM	224	63,63%
FP	128	36,36%
Total	352	100%

Táboa 3. Distribución xeral do FM e FP.

Esta predominancia do FM concorda, por unha banda, coa tendencia noutras linguas a mostrar unha maior vitalidade na lingua escrita (Sedano, 2006; Barbosa, 2007); mais contrasta, por outra, cos resultados de investigacións previas sobre a expresión da futuridade en galego. Rojo (1974), por exemplo, sinala que a perífrase *ir (a) + infinitivo* conta con maior presenza ca o FM na maior parte dos textos literarios analizados. Se ben López Martínez (2012), pola contra, si acha unha alta frecuencia de emprego do FM en textos xornalísticos, cabe salientar que, na nosa mostra, a diferenza porcentual entre a forma sintética e a analítica tampouco é tan grande como a que reflicten os datos da autora. Así, mentres que en López Martínez (2012, p. 491) o FM supón o 90% do total das formas atopadas, no noso corpus non alcanza o 64%. Estes datos suxiren que existe moita variabilidade no emprego das dúas formas, mesmo en textos tipoloxicamente semellantes.

Como se explicou no apartado metodolóxico, a análise das variables que poden condicionar a variación entre as formas de FM e a perífrase *ir (a) + infinitivo* baseouse unicamente naquelas expresións que están en alternancia, non no total da mostra. Para seleccionar este subcorpus, foi preciso distinguir en que contextos as formas de futuro

admiten a alternancia e en cales non. Realízase, a continuación, unha breve exposición dos resultados da análise da posibilidade de alternancia que permite, por un lado, xustificar o subcorpus de traballo, e por outro, afondar nalgúns factores sintácticos e semántico-pragmáticos que restrinxen a escolla.

Na Táboa 4 ofrécese a distribución xeral das formas segundo a súa posibilidade ou imposibilidade de alternancia.

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Con alternancia	185	64,69%	101	35,31%	286	81,25%
Sen alternancia	39	59,09%	27	40,91%	66	18,75%
Total	224	63,64%	128	36,36%	352	100,00%

Táboa 4. Distribución do FM e FP segundo a posibilidade de alternancia.

Os resultados amosan que un total de 286 exemplos (81,25%) admiten a alternancia coa outra forma, mentres que só 66 (18,75%) a rexeitan. Tanto entre as formas sintéticas como entre as expresións perifrásticas, os casos en alternancia superan aqueles nos que esta non é posible, como tamén López Martínez (2012, p. 491) sinala no seu traballo. Con todo, se reparamos nas cifras de ámbalas dúas expresións por separado, sen que a base sexa a da comparación, obsérvase que as alternancias son lixeiramente máis frecuentes no FM (82,59%) ca no FP (78,91%).

Na Táboa 5 desagregase a distribución dos casos de FM segundo a súa posibilidade ou imposibilidade de alternancia e o valor que presentan.

	Alternancia posible (N.º)	Alternancia posible (%)
Non	39	17,41%
Outros	1	0,45%
Conxectura	13	5,80%
Prescritivo	16	7,14%
Fórmula	9	4,02%
Si	185	82,59%
Futuridade	185	82,59%
Total xeral	224	100,00%

Táboa 5. Distribución do FM segundo a posibilidade de alternancia.

Os datos revelan que os casos que admiten alternancia –ademais de seren maioritarios– ou ben presentan valor temporal, ou ben o valor temporal predomina sobre outros matices modais. Por exemplo, en (34), *regresarei* pode ser substituído pola forma perifrástica *vou*

regresar. Con calquera das dúas expresións o evento preséntase como unha acción futura, á vez que adquire certo matiz intencional por tratarse dunha promesa realizada en primeira persoa (Bauhr, 1989, p. 97).

(34) Prométoche que *regresarei* {/vou regresar}, garantiulle el. (NAT, Zúñiga)

En canto ás formas de FM de alternancia imposible, cómpre destacar que estas supoñen menos do 20% da mostra de FM e que só un 5,8% do total son casos do denominado futuro de incerteza, que exemplificamos en (35) e (36). Esta baixa porcentaxe de FM con valor modal difire do elevado número de exemplos que autoras como Sedano (1994, p. 230) ou Lastra e Martín Butragueño (2010, p. 151) recollen para o español, mais está próxima aos parámetros obtidos por López Martínez (2012).

(35) Agora viviches unha sensación nova. Non te *queixarás* {/*vas queixar/queixes}.
(DDP, Heinze)

(36) Pasaron os minutos e por pouco non quedou durmida.

–A ver, non *estarás* {/*vas estar/estás} durmindo? (DDP, Heinze)

Sobre os 26 casos restantes de FM sen alternancia consideramos, consonte ás interpretacións de Bauhr (1989) ou Escandell Vidal (2010, p. 24), que, malia non admitir a forma perifrástica, permiten igualmente situar un evento nun momento posterior á enunciación; é dicir, que presentan valor de futuridade. Entre os casos non alternantes con valor temporal, identificáronse, principalmente, usos prescritivos (7,14%), realizados con verbos modais (37) ou sen eles (38).

(37) Mentres *deberedes* {/*ides deber} entregarnos a outro dos cometidos capitais da Misión. (NAT, Zúñiga)

(38) Non *consentirás* {/*vas consentir} afecto. (NAT, Zúñiga)

Tamén recoñecemos na mostra 9 fórmulas semilexicalizadas (4%) como a citada en (39) ou como aquelas que responden ao esquema *xa* + futuro (40)-(41). Algúns autores clasifican estas fórmulas como casos puramente modais (López Martínez, 2012). Outros, en cambio, consideran que o adverbio *xa*, con valor dilatorio, permite a proxección do evento cara a un punto do futuro indeterminado (Bauhr, 1989, pp. 343-344), interpretación que neste traballo vemos máis acertada.

(39) *Verémonos* {/*ímonos ver} no inferno. (VSP, Rivas)

(40) *Xa verás* {/*vas ver}. (DDP, Heinze)

(41) *Xa haberá* {/*vai haber} tempo para “levar as rendas do Grupo Bandeira”. (VSP, Rivas)

Por último, dentro da categoría de “outros FM” sen posibilidade de alternancia incluíuse un único caso, que se achega en (42). No exemplo, o adverbio *así* interprétase como un pronome anafórico que recupera a proposición anterior e que presenta o evento como unha consecuencia dun acontecemento xa expresado (“meter no interior os restos de Olinda”) (Bauhr, 1989, p. 320). A substitución da forma sintética pola analítica, aínda que non resultase agramatical, si produciría un cambio de significado relevante: coa perífrase *ir (a) + infinitivo*, *así* adquiriría o valor dun circunstancial de modo, que impediría a posibilidade de recuperar o acontecemento previo.

(42) Levamos o coche á rampla e metemos no interior os restos de Olinda. Así *irán* {/ ?*van ir*} xuntos ao mar. (VSP, Rivas)

Con respecto á posibilidade de alternancia de *ir (a) + infinitivo*, observamos na Táboa 6 que os casos que admiten o intercambio co FM son tamén maioritarios, pois supoñen o 78,91% do total de casos de FP. Así, só 27 dos 128 totais (21,09%) rexeitan a alternancia.

	Alternancia posible (N. °)	Alternancia posible (%)
Non	27	21,09%
Fórmula	3	2,34%
Perífrase retórica	11	8,59%
Exhortativo	5	3,91%
Futuro inminente	5	3,91%
Subordinada <i>cando</i>	3	2,34%
Si	101	78,91%
Futuro xeral ou próximo	101	78,91%
Total xeral	128	100,00%

Táboa 6. Distribución do FP segundo a posibilidade de alternancia.

Os casos que admiten alternancia expresan, ao igual que os do FM, valor temporal, que pode referirse a eventos posteriores percibidos como próximos con respecto ao momento da enunciación (43) ou cun valor de futuridade máis xeral, non tan inmediato (44).

(43) Ven, dixera, *vouche ensinar* {/ *ensinareiche*} algo que che vai gustar. (ACW, Mato)

(44) Non te *vou deixar* {/ *deixarei*}, prométocho, e non imaxines o que non é. (DDP, Heinze)

As perífrases retóricas (45), en fórmulas estereotipadas (46), en subordinadas con *cando* (47) e con valor inminente (48) ou exhortativo (49) agrupáronse como formas sen posibilidade de alternancia co FM. De entre todas elas, foron as perífrases retóricas as

que presentaron un número de casos maior, que supuxo máis dun 8% con respecto ao total da mostra de FP.

- (45) –Abandonáchesme –contestou Sara, contenta por escoitar a voz de Cristian, pero cun ton serio.
–Como te *vou abandonar* {/**abandonarei*}? Só te deixarei se mo pides. (DDP, Heinze)
- (46) –Que *van querer* {/**quererán*}? Dous cuartos?
–Só un. (VSP, Rivas)
- (47) Adoita pasear cada tarde, desde onde contempla a chegada das primeiras sombras cando o faro *vai ser* {/**será*} acendido. (ACW, Mato)
- (48) Anda, unha última caricia e a erguerse, que *vai ser* {/**será*} de noite (DDP, Heize)
- (49) –*Imos falar* {/**falaremos*} claro. Con xeito ou sen el, xa non vas vir máis?
–Non dixen iso. (DDP, Heinze)

En síntese, os datos parecen apuntar que ámbalas dúas expresións de futuro son favorables á alternancia na maior parte do noso corpus, e que os contextos nos que a alternancia está restrinxida son minoritarios tanto para o FM como para o FP. A análise e clasificación dos datos permitiu comprobar, asemade, que o valor predominante dos casos examinados é o temporal.

Unha vez delimitado o subcorpus de formas nas que a alternancia é posible, analizáronse sobre el as variables seleccionadas coa fin de describir que contextos lingüísticos poden resultar máis favorables ao emprego dunha forma ou outra. As variables seleccionadas, que son obxecto de comentario nos apartados seguintes, foron a persoa gramatical, a distancia temporal, o tipo de oración, a polaridade e a modalidade.

4.1. Persoa gramatical

Tal e como se mostra na Táboa 7, dispoñemos de rexistros das dúas formas nas tres persoas gramaticais. A diferenza máis notable está na distribución das formas en P1, onde o FM supón o 70,83% dos casos, fronte ao FP que só alcanza o 29,17%; e mais en P3, onde o 63,28% dos casos lle corresponden ao FM. Na P2, non obstante, ámbalas dúas expresións presentan o mesmo número de casos (19).

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
P1	85	70,83%	35	29,17%	120	41,96%
P2	19	50,00%	19	50,00%	38	13,29%
P3	81	63,28%	47	36,72%	128	44,76%
Total	185	64,69%	101	35,31%	286	100,00%

Táboa 7. Distribución das expresións de futuro segundo a persoa gramatical.

Estes resultados diverxen dos obtidos por López Martínez (2012, p. 406), cuxo traballo amosaba unha predominancia clara do FM en todas as persoas, especialmente na P2 e na P3, e en menor medida na P1, na que se producía un aumento dos casos de FP que permitía á autora vincular esta expresión coa primeira persoa e a intencionalidade. Esta relación entre *ir (a) + infinitivo*, primeira persoa e intención, que se advirte tamén no español (Sedano, 1994) e no portugués (Oliveira, 2011), non parece sosterse, secasí, na nosa mostra, onde o uso da perífrase na P1 resultou ser escaso non só en comparación co FM, senón tamén en comparación coa P3.

De entre os casos de P1, é interesante comprobar que se rexistran exemplos moi similares con valores de promesa (50-51) ou compromiso (52-53) nos que parece que a escolla de FM e FP se realiza indistintamente.

(50) En canto poida vólvote chamar e falaremos distendidamente. Non te *vou deixar*, prométocho, e non imaxines o que non é. (DDP, Heinze)

(51) Por favor, non subas, repetiu, nun ton suplicante, ela. Prométoche que *regresarei*, garantiulle el. (NAT, Zúñiga)

(52) Facede unha fila xunto á porta. *Ensinareivos* o voso novo fogar. (NAT, Zúñiga)

(53) Ven, dixera, *vouche ensinar* algo que che vai gustar. Sabía que aquilo ía espertar a miña curiosidade. (ACW, Mato)

Ademais das formas con valor comisivo, destacan entre os rexistros da P1 exemplos como o de (54), no que a perífrase aparece cun verbo performativo.

(54) Non *vou negar* que o “erotismo” co que me agarimas tamén me axuda a sentirme rexuvenecida. (DDP, Heinze)

Mentres que en Bauhr (1989) estes enunciados performativos atenuados se comentan como un uso do FM do español, no noso corpus só os atopamos entre as formas do FP, non do FM. Con todo, parece que a expresión perifrástica non elimina a función mitigadora que Bauhr asocia ao futuro sintético, nin tampouco o valor de posterioridade,

aínda que evoque certo valor modal de deber ou obriga (“non podo negar”). Así pois, todo o que se nega dáse a coñecer necesariamente tras o verbo performativo.

Con respecto á segunda persoa, observamos que as dúas expresións serven para establecer unha predición de xeito máis ou menos categórico, que pode estar vinculada a valores de seguridade ou de probabilidade, como dan conta os exemplos de (55) e (56); ou volitivos, orientados a dirixir a conduta do interlocutor, como en (57) e (58).

(55) María dime en silencio: “*escribirás* o teu libro”. (ADW, Mato)

(56) Aqueles relatos da natureza, vernizados de fábula, preservaban o alento da filla.

“Cando sexas grande, filla, *vas ter* un anaco de terra”. (NAT, Zúñiga)

(57) –Agora *ides destacar* todo o que tocastes!

E tiveron que tocar a partitura do revés, do remate ao principio, como unha derruba do ar. (VSP, Rivas)

(58) De feito, co fin de evitar desbaldila, "*limparedes* os vosos corpos cada seis xornadas", advertiulles o Gardián noutra das zonas comúns, a de aseo. (NAT, Zúñiga)

Entre os casos de FP, mais non de FM, tamén se rexistraron usos con valor de advertencia que, como sinala Bauhr (1989, p. 160), adoitan referir a un acontecemento que se presenta como resultado dunha actividade previa xa iniciada (59).

(59) –Ti non protestes e aguanta un pouco, non vai pasar nada.

–Coidado, *vasme romper* unha vértebra. (DDP, Heinze)

Por último, no que respecta á P3, o FM segue a ser a forma preferida fronte ao FP, cunha porcentaxe de uso do 63,28%. Como dixemos, os datos sitúan o emprego destas dúas formas nunha posición bastante equilibrada que contrasta, por exemplo, con López Martínez (2012), onde o FP só representaba o 6,7% do total dos casos da P3. Nesta terceira persoa atopamos, ao igual que na P2, casos de predición, como os que se amosan en (60) e (61).

(60) Coñece mellor que ninguén o que funciona e non funciona... Co tempo *poderá* dirixir a empresa e, por que non, todo o grupo conserveiro. (ACW, Matos)

(61) Ela non *vai ser* monicreque de ninguén e a organización que apoia a Pedrés está desprestixiada por completo, asociada á corrupción. (ACW, Matos)

En definitiva, é posible comprobar que, en comparación coa prensa escrita, o uso da perífrase está moito máis estendida en todas as persoas, sobre todo, na segunda, onde adoptou algúns usos pragmáticos que autores como Bauhr (1989) asociaban ao futuro

sintético no español. Con todo, segue a resaltar o feito de que os casos de FP na P1 sexan moito menos frecuentes que os de FM, xa que parece contradicir, *a priori*, a asociación entre a primeira persoa, o FP e a modalidade de intención. Con todo, retomamos esta cuestión ao abordar os resultados da variable modalidade.

O FM, pois, é maioritario en dúas das persoas (P1 e P3), aínda que o equilibrio porcentual na P2 e o aumento de casos de FP na P3 con respecto ás outras persoas podería interpretarse como un indicio de que expresión perifrástica está a competir co FM pola expresión dos valores de predición ou volición propios destas dúas persoas.

4.2. Distancia temporal

A distancia temporal é outra das variables que tivemos en conta no noso estudo, dados os resultados significativos que ofrece nos estudos previos. Na Táboa 8 obsérvase que a especificación temporal é pouco frecuente no noso subcorpus: dos 286 casos, só 45 exemplos (15,73%) presentan algún tipo de expresión temporal. Posto que o 72,73% das marcas van acompañando ao futuro sintético, é posible afirmar que a especificación lingüística da distancia temporal favorece o emprego do FM; é dicir, resulta máis frecuente o uso do futuro sintético ca o do analítico en contextos nos que hai algunha indicación temporal.

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Con marca temporal	32	72,73%	13	27,27%	45	15,73%
Inmediata	1	14,29%	6	85,71%	7	15,56%
Relativamente próxima	17	85,00%	3	15,00%	21	46,67%
Afastada ou indeterminada	14	82,35%	3	17,65%	17	37,78%
Sen marca temporal	153	63,22%	89	36,78%	242	84,62%
Total	185	64,68%	101	35,31%	286	100,00%

Táboa 8. Distribución do FM e do FP segundo a distancia temporal.

Por outra banda, vese que tanto o FM como o FP serven expresar calquera das tres distancias temporais. Non obstante, advírtese unha distribución desigual do uso de cada futuro segundo a distancia. Así, o futuro sintético resulta máis favorable a combinarse con marcas de distancia afastada e indeterminada (82,35%: *xamais, sempre, co tempo, nunca, moitos anos despois deste día* etc.) ou relativamente próxima (85%: *ao longo do día, cada serán, en poucas horas, hoxe mesmo, mañá, no inverno, nos radiantés días de verán* etc.) ca o FP; mentres que o FP (85,71%) se emprega máis que a forma sintética cando o evento se presenta como inmediato (*agora, xa, de agora en diante, a partir de agora*).

Se ollamos por separado os datos do FM, observamos que as expresións de temporalidade próxima (mais non inmediata) son as preferidas por esta forma, xa que supoñen o 97% das marcas atopadas con este futuro. Das 32 totais que acompañan a este tempo, 14 delas fan referencia a un futuro non específico e/ou afastado (62), e outras 17 remiten a un tempo relativamente próximo (63).

(62) Xamais *poderei* saber por que ela a ligou, por que soaba dentro de aquel coche.
(ACW, Mato)

(63) *Regresará* hoxe mesmo a Oeste para celebrar a Noiteboa. (VSP, Rivas)

O uso de adverbios de immediatez co FM é residual, mais non imposible, como ben reflicte o único caso rexistrado no corpus, que copiamos en (64).

(64) Aínda ao lonxe, no máis alto dos montes, algunhas raiolas iluminan os silenciosos bosques de piñeiros, mais na aldea próxima comezan a acender as luces e desde algúns tellados érguense columnas de fume. Mais agora *ficarei* soa. Perdida irremediamente entre as dunas. (ACW, Mato)

Se ben este caso podería resultar anómalo pola escasa tendencia do FM a combinarse con adverbios de proximidade (Sedano, 1994), cremos que a escolla do futuro sintético no canto da perífrase estaría relacionada coa necesidade de expresar que o evento (*ficar soa*) é unha imposición sobre a que o falante non ten control, como tamén reflicte o adverbio *irremediamente*. Este matiz de significado que Bauhr (1989, p. 130) identifica e asocia no español ao FM perderíase, en cambio, co emprego do FP. Semella, pois, que a escolla non depende tanto do valor de immediatez temporal que pode expresar o futuro sintético como do significado pragmático que evoca.

Cómpre destacar que, aínda que atopamos outro caso de FM xunto co adverbio *xa*, consideramos que este non expresaba posterioridade inmediata. En (65) o adverbio parece presentar un significado máis próximo a ‘máis adiante’ (DRAG, s. d., acepción 2) que a ‘a partir de agora mesmo’. É por iso polo que o clasificamos como un adverbio de distancia temporal relativamente próxima.

(65) Estaba inquieta por non ver o que era.

–Que pensas facer agora?

–Espera, querida, xa o *notarás*. (DDP, Heinze)

Con respecto a *ir* (*a*) + infinitivo e a distancia temporal, observamos que as tendencias son opostas ás do FM. Dunha banda, vemos que o FP non adoita combinarse con marcas

temporais, pois só 13 dos indicadores (27,27%) aparecen xunto coa perífrase, mentres que 89 dos 101 casos de FP non presenta ningún tipo de especificación temporal.

Doutra banda, os adverbios de distancia temporal inmediata son os que se combinan con máis frecuencia con *ir (a) + infinitivo*, xa que supoñen a metade do total de marcas temporais rexistradas xunto con esta expresión. Deste xeito, o número de indicadores diminúe en canto a distancia temporal deixa de ser inmediata. Nos seguintes exemplos, móstrase o FP en combinación con expresións adverbiais de temporalidade afastada ou indeterminada (66), relativamente próxima (67) e inmediata (68).

(66) –Eu non quero ser camareiro! Nunca xamais *vou ser* camareiro. Na puta vida, enténdesme? (VSP, Rivas)

(67) Como sempre tes curiosidade por algo diferente, hoxe tamén che *vou cumprir* ese desexo. (DDP, Heinze)

(68) Vivo con tal estrés que nin sequera durmo ben de noite. De agora en diante, as cousas *van ir* a menos. Pero agradécense tamén os cartos que entran. (DDP, Heinze)

Os resultados da análise desta variable coinciden, en parte, cos expostos por Sedano (1994, p. 233) para o español. Aínda que nos nosos datos o FP non presente un maior número de casos con especificación temporal que o FM, a distancia temporal si parece ser un factor condicionante no uso dunha forma ou doutra: canto máis inmediata é a acción, máis aumentan os casos de FP; mentres que canto máis afastada ou imprecisa é a especificación temporal, máis soben os casos de FM.

Esta asociación do FP con procesos máis próximos ou inmediatos, e do FM con procesos máis afastados, tamén foi advertida noutras investigacións para o español (Bauhr, 1989; Troya Déniz, 2018; entre outros) e é coherente coa descrición que Bauhr (1989) realiza sobre o valor temporal de cada expresión de futuridade. A relación entre o FP e a posterioridade inmediata parece xustificar a continuidade entre un evento futuro expresado coa perífrase e a orixe, que o autor representa co vector (OoV)+V; do mesmo xeito que a asociación entre o afastamento temporal e o FM demostra a ruptura da continuidade entre a orixe e o evento futuro que produce o emprego da forma sintética (Bauhr, 1989, p. 303-304).

Por último, a alta porcentaxe de contextos nos que o FP non vai acompañado dun indicador de distancia temporal coincide, tamén, cos resultados de Blas Arroyo (2000, p. 184) e Troya Déniz (2018) sobre o español. De acordo con estes autores, o FP resultaría

a opción non marcada fronte o FM, que presenta unha maior dependencia da aparición dos indicadores temporais. Con todo, isto contrasta co feito de que, na nosa mostra, o FP é a forma minoritaria.

4.3. Tipo de oración

Outra variable considerada no traballo foi o tipo de oración en que aparecen as expresións de futuro, para cuxa análise distinguimos entre oración principais e oracións subordinadas. Obsérvase na Táboa 9 que o FM é maioritario tanto nas oración principais como nas subordinadas. Non obstante, se observamos separadamente cada forma, podemos comprobar que a frecuencia do FM nas oracións principais con 157 casos (65,42%) é lixeiramente superior á das subordinadas, con 28 casos (60,87%); mentres que a frecuencia do FP aumenta nas subordinadas (39,13%) en comparación coa porcentaxe de aparición nas principais (34,58%). Este lixeiro aumento de casos de FP na subordinación podería entenderse como un indicio de preferencia da perífrase por este tipo de construcións. Porén, os resultados non reflicten unhas tendencias tan claras como as observadas por Troya Déniz (2018, p. 134), quen advertía unha notable predominancia do FP nas oracións substantivas, así como nas simples e xustapostas.

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Principal	157	65,42%	83	34,58%	240	83,92%
Subordinada	28	60,87%	18	39,13%	46	16,08%
Total	185	64,69%	101	35,31%	286	100,00%

Táboa 9. Distribución do FM e FP segundo o tipo de oración.

No corpus rexistráronse tres tipos de subordinadas: de relativo, substantivas e causais. A construción subordinada que atopamos con maior frecuencia foi a subordinada substantiva, entre as que os casos con FM (17) continuaron a predominar sobre os de FP (10).

Por outra banda, e como se explicou no apartado metodolóxico, atendemos, separadamente, a outros contextos sintácticos que resultaron relevantes nos traballos de Bauhr (1989) e Troya Déniz (2018). Na Táboa 10 móstrase como as construcións coordinadas (83,78%), as construcións temporais (88,24%) e as apódoses de condicionais (92,86%) favorecen notablemente a aparición do FM, aínda que non impiden a aparición do FP. Foi na coordinación onde se rexistraron máis casos de FP (13,24%) en comparación

coas outras construcións (7,14% nas apódoses condicionais e 11,76% en compañía de cláusulas temporais ou adverbios anafóricos).

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Condición	13	92,86%	1	7,14%	14	20,59%
Tempo	15	88,24%	2	11,76%	17	25,00%
Coordinación	31	83,78%	6	16,22%	37	54,41%
Total	59	86,76%	9	13,24%	68	100,00%

Táboa 10. Distribución do FM e FP en certos contextos sintácticos.

Semella, pois, que cando o evento futuro depende dunha condición previa ou se presenta como unha consecuencia temporal, tende a expresarse co FM. Estes resultados achéganse en boa medida aos obtidos por Bauhr (1989) sobre o español. Para o autor, esta presenza do FM en compañía de cláusulas temporais ou en apódose de condicional pode explicarse pola da influencia que teñen estas estruturas sobre o vínculo entre a orixe e o evento posterior que expresa a forma de futuro. De acordo con Bauhr, o acontecemento introducido por este tipo de cláusulas (e tamén polas expresións de distancia temporal non inmediata antes comentadas) supón unha ruptura entre a orixe e o evento futuro, o que favorece o FM por carecer da vinculación coa orixe que si adoita presentar a perífrase. É por iso polo que, como xa observaban Bauhr (1989) ou López Martínez (2012), o FM tamén se prefire cando o evento futuro (*pórse boa*) é consecuencia da realización dunha condición implícita (*beber isto*), como se advirte no exemplo de (69).

(69) Bebe isto, poraste boa. (NAT, Zúñiga) = se bebes isto, poraste boa.

4.4. Polaridade

A polaridade predominante no corpus é, como se amosa a Táboa 11, a afirmativa, que se emprega no 87% dos casos. Os datos parecen apuntar que a negación favorece o emprego do FP (51%), cuxa frecuencia é lixeiramente superior á do FM (49%). Esta tendencia coincide coa identificada por Lastra e Martín Butragueño (2010) no seu traballo sobre o español de Cidade de México.

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Afirmativa	167	67%	82	33%	249	87%
Negativa	18	49%	19	51%	37	13%
Total	185	65%	101	35%	286	100%

Táboa 11. Distribución do FM e FP segundo a polaridade.

4.5. Modalidade

Unha primeira ollada á Táboa 12 permite comprobar que o FM presenta máis casos ca o FP en calquera das modalidades identificadas. Asemade, a modalidade de intención (66,09%) e a modalidade epistémica (18,26%) resultaron ser as principais modalidades que poden expresarse mediante calquera das dúas formas de futuridade.

	FM		FP		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Deóntica	5	62,50%	3	37,50%	8	6,96%
Epistémica	15	71,43%	6	28,57%	21	18,26%
Inseguridade	10	66,67%	5	33,33%	15	71,43%
Seguridade	5	83,33%	1	16,67%	6	28,57%
Funcional	9	90,00%	1	10,00%	10	8,70%
Intención	44	57,89%	32	42,11%	76	66,09%
Total	73	63,48%	42	36,52%	115	100,00%

Táboa 12. Distribución do FM e do FP segundo o tipo de modalidade.

En canto á modalidade deóntica, só rexistramos 8 casos, dos cales 5 corresponden ao FM e 3 ao FP. Na mostra, o FM empregouse cos verbos auxiliares *haber + que* e *ter + que* (70-71), mentres que do FP só se atopou un uso con este último (72). O resto dos enunciados clasificados na modalidade deóntica que non teñen un verbo modal son enunciados que se interpretan como actos de fala directivos (73).

(70) *Haberá que mover todos os fíos para que a Asociación.* (VSP, Rivas)

(71) *Algo terei que botar na cazola para non morrer.* (VSP, Rivas)

(72) *Algún día vas ter que destacar eses himnos.* (VSP, Rivas)

(73) *Agora ides destacar todo o que tocastes!* (VSP, Rivas)

Por outra banda, con respecto á modalidade epistémica, separamos os casos atopados segundo a inseguridade e seguridade que expresan. Na Táboa 12, comprobamos que ámbalas dúas expresións de futuridade poden empregarse tanto para expresar seguridade como inseguridade epistémica. O alto número de casos nos que o FM se emprega para expresar inseguridade coincide coas tendencias sinaladas polos estudos previos de Sedano (1994), Lastra e Martín Butragueño (2010), López Martínez (2012) e Troya Déniz (2018). Non obstante, contrasta con estas investigacións o feito de que apenas se rexistren exemplos de FP para a expresión da seguridade epistémica á que se adoita asociar.

No que respecta aos datos recollidos sobre a modalidade funcional, destaca a baixa frecuencia de uso da perífrase, da que só se rexistrou un uso. Parece pois, que o verbo

auxiliar *poder*, marca coa que tratamos de identificar este tipo de modalidade, se combina preferiblemente co futuro sintético. Con todo, cómpre destacar que o escaso emprego de *ir (a) + infinitivo* co auxiliar *poder* coincide cos datos de López Martínez (2012), nos que os verbos auxiliares modais tampouco favorecen a aparición do FP.

Por último, a intención resultou ser a modalidade con máis representación do corpus. Dos 76 casos atopados, 44 rexístranse na mostra do FM, mentres que os 32 restantes corresponden ao FP.

Sorprende, pois, que a cifra do FP sexa bastante menor que a do FM, tendo en conta a habitual asociación entre o FP e a modalidade de intención (Rojo, 1974; Álvarez e Xove, 2002). É probable que esta distribución estea condicionada polo baixo número de FP na primeira persoa do singular e do plural, que son as persoas nas que é posible expresar intención. Con todo, se se observan os datos dos casos de P1 que poden expresar intención en cada expresión temporal, comprobamos que 35 dos 37 casos de FP en primeira persoa expresan modalidade de intención, mentres que só 44 dos 85 casos de FM en primeira persoa teñen este valor modal. Daquela, cremos que, a pesar de que os rexistros de FP na primeira persoa sexan escasos e que os de FM con valor intencional sexan elevados, os nosos datos tamén revelan que o FP é favorable a expresar intención; se ben non nos permiten confirmar rotundamente as tendencias observadas nas mostras nas que os casos de FP predominan de xeito xeral sobre os de FM (Sedano, 1994).

5. Conclusións

Para a elaboración deste traballo fixamos como obxectivos, a partir das hipóteses iniciais, describir e analizar a distribución do Futuro Morfolóxico e do Futuro Perifrástico nunha escolla de textos narrativos actuais galegos, así como a influencia de cinco variables intralingüísticas no uso destas dúas formas.

O exame de catro obras literarias permitiunos observar que o futuro sintético ten unha maior porcentaxe de aparición nas narracións actuais, o que nega a nosa primeira hipótese. Con todo, a diferenza porcentual entre o emprego de cada variante non é tan acusada como a que López Martínez (2012) atopa na linguaxe xornalística. Así, os resultados da nosa investigación seguen as tendencias doutros traballos sobre o portugués (p. ex., Barbosa, 2007; Oliveira, 2011) e o español (p. ex., Sedano, 2006), nos que se observa que o uso do FM é maior na lingua literaria escrita que na lingua oral —na que se prefire o FP—, mais sen alcanzar as altas frecuencias de uso propias dos textos xornalísticos. Por outra banda, a meirande parte dos casos de FM e FP admite a alternancia coa outra variante, o que confirma que a posterioridade temporal segue a ser o valor principal de ámbalas dúas formas.

A partir da análise da distribución do FP e FM en relación coas cinco variables intralingüísticas, obtivemos resultados relevantes que confirman a influencia destas e, polo tanto, a nosa segunda hipótese.

Atendendo á persoa gramatical, comprobamos o FM é a variante predominante en calquera das persoas gramaticais, agás na P2, na que presenta a mesma porcentaxe que o FP. Destaca, pois, que o FM rexistre un maior número de casos ca o FP na P1, xa que este feito contradí os resultados de estudos anteriores, segundo os que a P1 favorece o emprego da perífrase. Ademais, o FP non só ten menos rexistros na P1 en relación co FM, senón tamén en relación aos seus propios usos na P3, o que contrasta, así mesmo, cos datos de traballos previos.

En canto á distancia temporal, puidemos observar que esta si inflúe na escolla dunha ou outra variante, en consonancia coas investigacións sobre o español e o portugués. Así, o emprego do FM vese favorecido pola presenza de marcas de distancia temporal próxima, afastada ou indeterminada, mentres que as expresións de inmediatez temporal seleccionan o FP. Asemade, os datos apuntan que o FM aparece preferentemente en contextos nos que hai indicacións de temporalidade. Malia que este vínculo entre as marcas temporais e o FM se teña empregado para soste que o FP é a forma non-marcada

(Blas Arroyo, 2010; Troya Déniz, 2018), os nosos datos, nos que o FM é maioritario, non nos permiten confirmalo.

No que respecta ao tipo de oración, comprobamos que o FM foi a forma predominante con independencia da estrutura sintáctica na que se insire. Con todo, na nosa mostra, o FP emprégase, preferiblemente, en subordinadas, e o FM, en oracións principais. Atendendo a outros contextos sintácticos, observamos que aquelas construcións que supoñen un condicionamento lóxico ou temporal que rompen o vínculo entre a orixe e o evento futuro (estruturas coordinadas, cláusulas condicionais, cláusulas temporais, adverbios anafóricos), aínda que non impiden a aparición do FP, combínanse con maior frecuencia co FM.

Os datos sobre a polaridade permiten verificar que o FP se emprega, preferiblemente, en oracións negativas, como tamén aprecian Bauhr (1989) e Lastra e Martín Butragueño (2010) para o español.

Por último, con respecto á modalidade, comprobamos que o FM é a variante empregada con maior frecuencia xunto con marcas modais. Os principais índices de modalidade do noso corpus son os epistémicos e os de intención. O uso do FM vincúlase á presenza de verbos modais e á modalidade epistémica e funcional; mentres que o emprego do FP garda relación coa modalidade de intención. Así pois, aínda que a porcentaxe de FP con valor de intención é menor á rexistrada polo FM, a práctica totalidade dos casos de FP en P1 expresa intención, e só a metade dos casos do FM admite lecturas intencionais. Este vínculo entre o FP e a intencionalidade que reflicten os datos é, asemade, común ao resto de traballos sobre a futuridade.

En síntese, a polaridade negativa, as expresións temporais de inmediatez, as estruturas sintácticas que non rompen o vínculo entre a orixe e o evento futuro, e os valores modais de intención propician o uso do FP. Pola contra, as marcas temporais próximas, afastadas ou indeterminadas, as construcións coordinadas e temporais, así como a presenza de marcas de modalidade epistémica e deóntica favorecen o emprego do FM. Os resultados coinciden, no fundamental, coas análises doutros traballos para outras linguas e para outro conxunto de textos galegos. Soamente a falta de influencia da primeira persoa gramatical sobre o uso do FP supuxo un resultado contrario ao esperable.

A pesar de que a mostra non é suficientemente representativa como para extraer conclusións xeneralizables sobre o estado de variación destas dúas formas, si que nos permitiu dar conta da complexidade da súa distribución. Este traballo alenta, pois, á súa ampliación mediante a análise do comportamento das formas *haber (de) + infinitivo* e o

presente *pro-futuro*, mais tamén da influencia doutras variables. Ademais de ter en conta factores internos non incluídos neste estudo (a semántica do verbo, o tipo de suxeito etc.), sería interesante contemplar a incidencia de variables sociolingüísticas ou doutras modalidades textuais, como a fala espontánea, o discurso oral elaborado e formal ou lingua nas redes sociais. A ampliación do estudo permitiría, xa que logo, valorar desde novas perspectivas os nosos resultados e obter datos máis valiosos sobre a variación na expresión verbal da futuridade.

6. Referencias

- Aaron, J. E. (2007). El futuro epistémico y la variación: gramaticalización y expresión de la futuridad desde 1600. *Moenia. Revista lucense de lingüística e literatura*, 13, 253-274. <http://hdl.handle.net/10347/6072>
- Alarcos Llorach, E. (1994). *Gramática de la Lengua Española*. Real Academia Española / Espasa Calpe.
- Álvarez, R. e Xove, X. (2002). *Gramática da lingua galega*. Galaxia.
- Álvarez, R., Monteagudo, H. e Regueira, X. L. (1986). *Gramática galega*. Galaxia.
- Barbosa, J. B. (2007). A expressão do futuro no português brasileiro contemporâneo, *Revista electrónica do Instituto de Humanidades*, 6(23), 42-50.
- Bauhr, G. (1989). *El futuro en -ré e ir a + infinitivo en el español peninsular moderno*. Acta Universitatis Gothoburgensis.
- Bermúdez, F. (2016). <ir a + infinitivo> Modalidad y aspecto en el futuro del castellano rioplatense. *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 14(1 (27)), 173–194. <http://www.jstor.org/stable/24769030>
- Blas Arroyo, J. L. (2000). Aspectos sobre la variación lingüística en la lengua escrita: la expresión de futuridad en el español literario. *Lingüística Española Actual* 22(2), 161–200.
- Bravo Martín, A. (2008). *La perífrasis "ir a + infinitivo" en el sistema temporal y aspectual del español* [Tese de Doutoramento]. Universidad Complutense de Madrid.
- Brown, E. L. e Rivas, J. (2024). Variant Choices of Future Time Reference in Galician: The Grammaticalization of [*haber (de) + infinitive*] as a Window to Diachronic Change. *Languages*, 9(4), 142. <https://doi.org/10.3390/languages9040142>
- Bull, W. E. (1960). *Time, Tense, and the Verb. A Study in Theoretical and Applied Linguistics, with Particular Attention to Spanish*. University of California Press.
- Carvalho Calero, R. (1979). *Gramática elemental del gallego común* (7ª ed.). Galaxia.
- Comrie, B. (1985). *Tense*. Cambridge University Press.
- Cunha, L. F. (2021). Propriedades Temporais do Futuro Simples em Português Europeu. *Estudos de Lingüística Galega*, 13, 29-66. <http://dx.doi.org/10.15304/elg.13.6463>
- Cunha, L. F. (2022). The expression of futurity in Spanish and Portuguese: similarities and differences. *Borealis – An International Journal of Hispanic Linguistics*, 11(1), 101–139. <https://doi.org/10.7557/1.11.1.6195>

- DRAG = González González, M. (Dir.) (s.d.). *Diccionario da Real Academia Galega*. Real Academia Galega. Recuperado o 18 de xullo de 2024, de <https://academia.gal/diccionario>
- Escandell Vidal, M. V. (2010). Futuro y evidencialidad. *Anuario de Lingüística Hispánica*, 26, 9-34.
- Escandell Vidal, M. V. (2019). Simple Future of Spanish. Natural System Versus Cultivated Uses. *Verba Hispanica*, 26(1), 15-33. <https://doi.org/10.4312/vh.26.1.15-33>
- Ferreiro Fernández, M. (1999). *Gramática histórica galega* (4ª ed.). Edicións Laiovento.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). *Gramática da lingua galega. II Morfosintaxe*. (2ª ed.). A Nosa Terra.
- García Fernández, L., Carrasco Gutiérrez, Á., Camus Bergareche, B., Martínez-Atienza de Dios, M. e García García-Serrano, M. Á. (2006). *Diccionario de perífrasis verbales*. Gredos.
- Gennari, S. (2002). Spanish past and future tenses: Less (semantics) is more. En J. Gutiérrez Rexach (Coord.), *From words to discourse: trends in Spanish semantics and pragmatics* (pp. 21-36). https://doi.org/10.1163/9780585475295_004
- Gómez Torrego, L. (1988). *Perífrasis verbales: sintaxis, semántica y estilística*. Arco Libros.
- Klein, W. (1994). *Time in Language*. Routledge.
- Klum, A. (1961). *Verbe et adverbe. Étude sur le système verbal indicatif et sur le système de certains adverbes de temps à la lumière des relations verboadverbiales dans la prose du français contemporaine*. Almqvist & Wiksel.
- Lastra, Y. e Martín Butragueño, P. M. (2010). Futuro perifrástico y futuro morfológico en el corpus sociolingüístico de la Ciudad de México. *Oralia*, 13, 145–171. <https://doi.org/10.25115/oralia.v13i.8107>
- Lausberg, H. (1973). *Lingüística románica* (2ª ed.). Gredos.
- López Martínez, M. S. (2012). As expresións de futuro e de ir + infinitivo na prensa escrita. En T. Jiménez Juliá, B. López Meirama, V. Vázquez Rozas e A. Veiga Rodríguez (Coords.), *Cum corde et in nova grammatica: estudos ofrecidos a Guillermo Rojo* (pp. 487-500). Universidade de Santiago de Compostela.
- Meier, H. (1974). Problemas de gramática gallega (I). *Verba anuario galego de filoloxía*, 1, 7-15. <http://hdl.handle.net/10347/2686>

- Melis, C. (2006). Verbos de movimiento. La formación de los futuros perifrásticos. En C. Company (Dir.), *Sintaxis histórica de la lengua española. Primera parte: la frase verbal*, (vol. 2), (pp. 873-968). UNAM-FCE.
- Míguez, V. (2021). A categoría da modalidade e a súa expresión na lingua galega. *Estudos De Lingüística Galega*, 13, 107-137. <https://doi.org/10.15304/elg.13.7386>
- Oliveira, J. M. de (2006). *O futuro da língua portuguesa ontem e hoje: variação e mudança* [Tese de Doutorado]. Universidade Federal do Rio de Janeiro.
- Oliveira, J. M. de (2011). A expressão variável do futuro verbal na escrita: Brasil e Portugal em confronto. *Revista Da ABRALIN*, 10(3), 367-383. [10.5380/rabl.v10i3.32357](https://doi.org/10.5380/rabl.v10i3.32357)
- Palmer, F. R. (1980). *Modality and the English modals*. Longman.
- Palmer, F. R. (2001). *Mood and modality*. (2ª ed.). Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/CBO9781139167178>
- Pitloun, P. (2005). La perífrasis ir a + infinitivo y la expresión de la posterioridad en el habla culta de Costa Rica. *Filología y Lingüística*, 31(1), 233–250. <https://doi.org/10.15517/rfl.v31i1.4417>
- Rodríguez Rosique, S. (2019). *El futuro en español. Tiempo, conocimiento, interacción*. Peter Lang.
- Rojo, G. (1974). *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Rojo, G. e Veiga, A. (1999). El tiempo verbal. Los tiempos simples. En I. Bosque e V. Demonte (Eds.), *Gramática Descriptiva de la Lengua Española* (vol. 2, cap. 44, pp. 2867-2934). Espasa [Borrador final recuperado o 14 de abril de 2024 en https://gramatica.usc.es/~grojo/Publicaciones/ngdle44_1.pdf]
- Santamarina, A. (1974). *El Verbo gallego : estudio basado en el habla del Valle del Suarna*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Seco, R. e Seco, M. (1967). *Manual de gramática española* (9ª ed.). Aguilar.
- Sedano, M. (1994). El futuro morfológico y la expresión ir a + infinitivo en el español hablado de Venezuela. *Verba, anuario galego de filoloxía*, 21, 225–240.
- Sedano, M. (2006). Importancia de los datos cuantitativos en el estudio de las expresiones de futuro. *Revista Signos*, 39(61), 283–296. <http://dx.doi.org/10.4067/S0718-09342006000200007>
- Silva, A. F. (1997). *A expressão da futuridade na língua falada*. [Tese de doutoramento]. Instituto de Estudos da Linguagem da Universidade Estadual de Campinas.

Troya Déniz, M. (1998). *Perífrasis verbales de infinitivo en la norma lingüística culta de las Palmas de Gran Canaria*. Real Academia Española.

Troya Déniz, M. (2018). Alternancia entre el futuro morfológico y el futuro perifrástico en las interpelaciones urgentes del Parlamento español. *Spanish in context*, 15(3), 417-440. <https://doi.org/10.1075/sic.00021.tro>

Corpus:

CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)* [4.1] <http://corpus.cirp.gal/corga/>

Anexos

Anexo I. Táboa de análise dos casos de Futuro Morfolóxico

Código	Contexto esquerda	Forma	Contexto dereita	Valor	Alternancia	Tipo oración	Outros contextos sintácticos	Polaridade	P. gramatical	Distancia temporal ¹⁵	Modalidade
ADC, Mato	con a miña pucha de la , ben arroupada en o anorak ,	abrirei	un libro , poesía tal vez , algún relato , e permanecerei sentada unhas horas , a ler , a contemplar	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	entón , irei para casa e	abrirei	a fiestra de o meu cuarto .	futuridade	si	principal	coordinación / temporal	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	entón	abrirei	un arquivo e escribirei as primeiras liñas .	futuridade	si	principal	coordinación / temporal	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	Apañarei os carabullos que o vento da noite ciscou entre os feitos e farei un bo limpeiro con eles. se teño forzas , traerei no eu mesma e	acenderei	o lume .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	e cando os violins de as choivas ataquen rumorosos o primeiro movemento ,	acenderei	candieiros en as fiestras para que guíen os vagamundos por los camiños de o Øresund .	futuridade	si	principal	coordinación / temporal	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	achegarei as mans a as chamas e	acenderei	outro cigarro .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		achegarei	as mans a as chamas e acenderei outro cigarro .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		apañarei	os carabullos que o vento de a noite ciscou entre os feitos e farei un bo limpeiro con eles .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
DDP, Heinze	volvemos a o coñecido , pero con o teu permiso	apertarei	un pouco máis .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga	alí onde esteamos ,	coidarei	de vós , dixó el .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		contemplarei	o declinar de o verán e a chegada de o inverno .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	desde as fiestras de a casa	contemplarei	a ponte e o río que se perde a o lonxe entre malecóns de tarais e tardes grises .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga	_Como a vas conseguir? _	darei	lle a miña ración .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
VSP, Rivas	_ Vou rectificar esa información _ di o ex-comisario _.	declararei	que , por lo que me consta , Nemo Bandeira si está xubilado .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
DDP, Heinze	só te	deixarei	se me o pides .	futuridade	si	principal	condicional	afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga		ensinarei	vos o voso novo fogar . "	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		escribirei	o meu libro .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	entón abrirei un arquivo e	escribirei	as primeiras liñas .	futuridade	si	principal	coordinación / temporal	afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga	había quen pronunciaba un " xamais te	esquecerei	" sen sentido contra aquel final onde a lucidez xacía moribunda .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1	3	
ADC, Mato	unha parte de min ficou aló e sempre	estarei	a me preguntar se chove sobre os outeiros .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1	3	
ADC, Mato	Adeus capitán Walton , non voltarei molestalo .	farei	unha viaxe moi longa , moi longa .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención

¹⁵ Os valores de distancia temporal exprésanse na táboa mediante o seguinte código numérico: 1=inmediata; 2=relativamente próxima; 3=afastada ou indeterminada.

DDP, Heinze	repito che por enésima vez que nunca che	farei	dano sen o teu consentimento .	futuridade	si	subordinada-substantiva		afirmativa	P1	3	intención
ADC, Mato	apenas	farei	outra cousa senón ler , escoitar , ollar a o lonxe a delgada liña que cinxe o mar con o ceo en	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		
ADC, Mato	apañarei os carabullos que o vento de a noite ciscou entre os feitos e	farei	un bo limpeiro con eles .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	Cando marche o último autobús de turistas, cando esa grea deixe tras de si satisfeita a súa precipitada curiosidade nun marco de indiferenza e desapareza pola estrada nun molesto ruído de motores e se vaian apagando na paisaxe as súas conversas, os berros histéricos cos que expresan a ledicia dun momento de liberdade fronte ao mar, fronte ao areal desolado, pouco amable coas súas inoportunas presenzas, entón	ficarei	absolutamente soa en esta praia .	futuridade	si	principal	temporal	afirmativa	P1		
ADC, Mato	entón ,	irei	para casa e abrirei a fiestra de o meu cuarto .	futuridade	si	principal	coordinación / temporal	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	xamais	poderei	saber por que ela a ligou , por que soaba dentro de aquel coche , aquela noite .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1	3	funcional
ADC, Mato	Decátome de que levo horas inmóbil .	ficarei	paralizado se non reaccio . Penso en regresar dalgún lugar lonxe onde me levara o pensamento divagante	futuridade	si	principal	condicional	afirmativa	P1		
ADC, Mato		quedarei	soa en ese momento .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1	3	
ADC, Mato	ollarei como se ispen os bidueiros de a súa follaxe amarela e	lembrarei	cando mozas nos vestiamos para ir a os bailes .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		mergullarei	o meu corpo nu en a auga tan fría de o esteiro .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
DDP, Heinze	_ desde hai uns minutos estou moi a gusto e supoño que aínda	notarei	máis alivio cando me erga .	futuridade	si	subordinada-substantiva	temporal	afirmativa	P1		epistémica-inseguridade
ADC, Mato		ollarei	como se ispen os bidueiros de a súa follaxe amarela e lembrarei cando mozas nos vestiamos para ir a os	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
VSP, Rivas	_ cando caian ,	pedirei	un desexo por ti _ dixox sen máis .	futuridade	si	principal	temporal	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	de la , ben arroupada en o anorak , abrirei un libro , poesía tal vez , algún relato , e	permanecerei	sentada unhas horas , a ler , a contemplar as vagas que se aproximan cabo de a area sen demasiada forza	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		recordarei	entón , desde algún lugar onde meu espirito vague , aquel onde Denis xace en a distante terra de os	futuridade	si	principal	temporal	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	e non	poderei	ouvir nada de non ser o seu propio son ritmico , con escasas alteracións , mais sen acougo .	futuridade	si	principal	coordinación	negativa	P1		funcional
ADC, Mato		procurarei	palabras estrañas en antigos poemas .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
DDP, Heinze	para a próxima	traerei	che un frasco con unha beberaxe que poderás aplicar sempre que o precises .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1	3	intención
NAT, Zúñiga	nunca	irás	alí .	futuridade	si	principal		negativa	P2	3	
NAT, Zúñiga	prometo che que	regresarei	, garantiu lle el .	futuridade	si	subordinada-substantiva		afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	sentarei cabo de ela e	seguirei	con a lectura .	futuridade	si	principal	coordinación	afirmativa	P1		intención
ADC, Mato		sentarei	cabo de ela e seguirei con a lectura .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	e non	serei	acaso eu mesma que de este xeito tento prolongar a tarde , esta tarde ?	conxectura	non						
NAT, Zúñiga		serei	o voso Gardián .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		
DDP, Heinze	prometo che que	terei	coidado .	futuridade	si	subordinada-substantiva		afirmativa	P1		intención

DDP, Heinze	_ está te quieta , querida , se non	tereí	que rematar .	futuridade	si	principal	condicional	afirmativa	P1		epistémica- inseguridade
VSP, Rivas	así que se teño prohibido morrer , algo	tereí	que botar en a cazola para non morrer .	futuridade	si	principal	condicional	afirmativa	P1		deóntica
ADC, Mato	se teño forzas ,	traerei	no eu mesma e acenderei o lume .	futuridade	si	principal	condicional	afirmativa	P1		
DDP, Heinze	para a próxima traerei che un frasco con unha beberaxe que	poderás	aplicar sempre que o precisas .	futuridade	si	subordinada- relativa	temporal	afirmativa	P2	3	funcional
NAT, Zúñiga		traerei	che algo de comer .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga		traerei	che o pactado , dixó el , a o tempo que tentou tranquilizar la con a mirada .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga		velarei	por la vosa seguridade e confort .	futuridade	si	principal		afirmativa	P1		intención
NAT, Zúñiga	velade por la Congregación , así como eu	velarei	por vós . "	futuridade	si	subordinada- relativa		afirmativa	P1		intención
ADC, Mato	adeus capitán Walton , non	voltarei	molestar lo .	futuridade	si	principal		negativa	P1		intención
